

PLAN DE ORIENTACIÓN

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. MARCO LEGAL**
- 3. A NOSA REALIDADE**
- 4. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**
 - a. COMPOSICIÓN**
 - b. HORARIO**
- 5. OBXECTIVOS**
- 6. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**
- 7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**
 - a. Plan Xeral de Atención á Diversidade**
 - b. Plan de Acción Titorial**
 - i. Plan de Acollida**
 - ii. Programa para a mellora da Convivencia:**
 - iii. Cambio de Etapa: “Un Paso Máis”**
 - iv. Programa para a mellora de hábitos de traballo e autocontrol.**
 - c. Formación da Comunidade Educativa**
- 8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN**
- 9. ANEXOS**

1. INTRODUCCIÓN

A Orientación é un proceso que inclúe a toda a Comunidade Educativa (alumnos, mestres, familias), que se inicia nos primeiros momentos da escolaridade e que se desenvolve ao longo da mesma. É un proceso de axuda continuada que ten como finalidade a prevención e desenrolo, constituíndo un elemento esencial para promover a mellora da calidade educativa.

Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal e social, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións e a atención á diversidade.

2. MARCO LEGAL

A Orientación educativa, a labor, funcionamento e composición do DO están reguladas pola seguintes ordes legislativas:

- Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia regulada polo Decreto 120/98.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 31 de Outubro de 1996 que regula a avaliación psicopedagóxica de alumnos-as con n.e.e. que cursan os ensinos de réxime xeral, e establécese o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Orde de 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos de alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (D.OG. do 19 de decembro de 1996).
- Orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Orde do 6 de outubro de 1995 polo que se regulan as Adaptacións do Currículo no Ensino de Réximen Xeral.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.

3. A NOSA REALIDADE

O CEIP Francisco Vales Villamarín é o único centro público de Infantil e Primaria do Concello de Betanzos. Conta cun número total de alumnos/as arredor de 1000 alumnos/as distribuídos en 43 unidades (30 de EP e 13 de EI); un total de 67 mestres, 2 coidadoras e 9 persoas encargadas de administración e servizos e o persoal de comedor. Ten adscritas catro Escolas Unitarias (Coirós de Arriba, Fontelo, Viñas e Areas).

Polo tanto, o ámbito de intervención do DO exténdese a todo o alumnado do centro e ás escolas unitarias adscritas.


Atópase nunha vila histórica, cidade turística cun grande patrimonio arquitectónico e ecolóxico (reserva da biosfera pola cunca do Mandeo), situada xeograficamente de forma privilexiada, preto do mar e das urbes de Coruña, Sada e Miño, camiño de Santiago e centro comercial dos pobos rurais próximos. A súa poboación é de 10 000 habitantes no casco urbano e de 3 000 na parte rural. Trátase dunha cidade con actividade comercial, con actividade agrícola e de turismo e, cidade-dormitorio para grande parte da poboación que traballa en poboacións próximas. O nivel económico das familias da comunidade escolar é diverso, coma en calquera centro público semiurbano, aínda que nos últimos anos abundan familias que precisan algunha axuda económica, ademais das familias inmigrantes que Betanzos foi acollendo.

As instalacións atópanse fóra do casco urbano, son veciñas do IES Francisco Aguiar e dunha oficina da Xunta. Comprenden tres bloques dentro do recinto, comunicados entre si, e outro separado. No primeiro bloque, o máis antigo, Bloque A, hai dous edificios de tres plantas; no primeiro atópase a entrada principal, administración, dirección, salas de uso común (biblioteca, informática, sala de usos múltiples e comedor), ademais das aulas de 4º, 5º e 6º de Primaria, unha en cada planta, e as aulas de desdobre, Inglés e Música. No segundo bloque, sitúase 2º e 3º de Primaria, con cadansúa aula para apoios, aula de Inglés e de desdobre, na primeira e segunda planta, deixando as aulas de E.F, Relixión e Plástica na planta baixa. O edificio B, que antes estaba dedicado a E. Infantil, aloxa a 1º de Primaria, coas aulas de especialidades necesarias, aula-cociña para primaria, Orientación e aulas de PT e AL. Dous patios exteriores, un patio interior e un pavillón rematan as instalacións que se atopan dentro do recinto de Primaria. O edificio de Infantil, máis recente, atópase aproximadamente a medio quilómetro, seguindo a beirarrúa da estrada do Carregal e cruzando unha vía que vai para o centro de saúde. Tamén contén as aulas necesarias, despachos, biblioteca e sala de usos múltiples, ademais de cociña e comedor e patios exteriores de recreo.

Os servizos que ofrece o centro son dez liñas de transporte gratuíto para o alumnado que lle corresponde e unha liña privada para os alumnos de máis

preto Moitos alumnos usan o transporte particular e outros camiñan dende a súa casa, dada a proximidade e a accesibilidade. Tamén se ofrece servizo de comedor a un gran número de alumnado, cada ano crecente, atendido por persoal contratado para ese fin. Pola tarde, en convenio coa ANPA, desenvólvense actividades Extra- escolares e deportivas, de 16:00 a 18:00 h, dentro das instalacións, atendidas polos monitores correspondentes e vixiado polo profesorado.

No noso centro presentamos un elevado número de alumnado con ACNEAE. *Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar: necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.*



4. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

a. COMPOSICIÓN

O DO está constituído tal e como establece o Decreto 120/1998, artigo 4º e a Orde do 24 de xullo de 1998, artigo 3º, pola Xefa do Departamento de Orientación, o profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, os coordinadores de ciclo, unha mestra de Educación Infantil e as mestras responsables das escolas adscritas da zona. Dado que coa entrada en vigor da LOMCE os ciclos desaparecen, acordouse que o DO constituirase cos coordinadores de nivel da Etapa de Educación Primaria. Cada ano concretarase os seus membros no Plan Anual de Orientación.

O Instituto ao que está adscrito o centro é o IES Francisco Aguiar de Betanzos.

b. FUNCIONES

O Departamento de Orientación desenvolverán as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional e terá as seguintes competencias:

- a) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu entorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- c) Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios da avaliación formativa, e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f) Facilitar ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a resolución de conflitos de relación interpersonal ...
- g) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- h) Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- i) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas.
- m) Aqueloutras que a Administración educativa puidéselle encomendar no ámbito das súas funcións.

As funcións do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe son as seguintes:

- a. Atención directa docente ao alumnado con neae.
- b. Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.
- c. Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con neae. No caso do especialista de AL, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.
- d. Colaboración co Departamento de orientación na elaboración do plano de actuación respecto ó alumnado con neae.

- e. Colaboración co profesor titor e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
- f. Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con neae, así como os pais destes alumnos/as.
- g. Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- h. Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar neste ámbito.

Ademais o profesorado de Audición e Linguaxe:

- i. Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro nivel de Educación Primaria. Contará coa colaboración da orientadora do centro.
- j. Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

A xefatura do departamento de orientación terá as seguintes funcións:

- a. Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- b. Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- c. Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- d. Convocar e presidir as reunións do departamento conforme ao procedemento que se estableza.
- e. Velar pola confidencialidade dos documentos, cando cumpra.
- f. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- g. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, no seu caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza.
- h. Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- i. Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ao xefe de estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- j. Aqueloutras funcións que a Administración educativa pódalle asignar referidas á orientación.

c. HORARIO

O DO completo, sen as representantes das escolas unitarias (por operatividade dado o volume do noso centro), reunirse o segundo martes de cada mes en horario de tarde. A coordinación entre os mestres de AL e PT coa Orientadora levarase a cabo os luns de 9,00 – 10,05.

Poderán existir reunións noutros horarios, sempre dentro do tempo de obrigada permanencia do profesorado no centro, en función das necesidades que se presenten.

O DO ao completo, coas escolas unitarias, reunirase cando menos unha vez ao trimestre.

A xefa do departamento reunirase, cando menos, unha vez ao trimestre coas coidadoras.

A atención a pais será a establecida con carácter xeral polo centro, os martes pola tarde, previa cita. Ademais a Orientadora atenderá ás familias, previa cita, en horario de mañá os martes, mércores e xoves a primeira hora, ou noutro horario dentro da xornada lectiva sempre e cando non exista outra posibilidade por parte das familias.

5. OBXECTIVOS

A orientación ten como obxectivo principal contribuír ao desenvolvemento integral de TODO o alumnado; Asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos. Así mesmo, o Departamento, en colaboración con pais e mestres teñen como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se poidan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.

Ten como **finalidade** acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis para facilitar o asesoramento, intervención e seguimento psicopedagóxico ao profesorado, alumnado e familias.

5.1 CON RELACIÓN AO CENTRO

- 5.1.1 Contribuír á mellora da calidade do ensino no centro.
- 5.1.2 Colaborar na dinamización da planificación e organización educativa.
- 5.1.3 Contribuír na inclusión de TODO o alumnado.
- 5.1.4 Colaborar na elaboración de documentos do centro.
- 5.1.5 Sensibilizar e contribuír na formación dos distintos axentes educativos sobre a atención á diversidade, entendida coma un valor
- 5.1.6 Motivar ao alumnado do centro cara as aprendizaxes escolares e conseguir cos alumnos teñan unha autonomía axeitada e positiva.
- 5.1.7 Fomentar nos alumnos o emprego de habilidades sociais propias da súa idade.
- 5.1.8 Fomentar a convivencia no centro.
- 5.1.9 Colaborar na elaboración e revisión dos criterios de avaliación e estándar de avaliación inicial, formativa e final dos niveis, así como dos criterios de promoción.
- 5.1.10 Colaborar na revisión dos criterios e procedementos previstos para a organización da atención a diversidade , así como para o establecemento dos Reforzos educativos especializados e das Adaptacións curriculares.

- 5.1.11 Cooperar coa comunidade educativa (profesorado, equipo directivo, coidadoras, comisións , departamentos, ANPA...) para favorecer canles de comunicación e actuación.
- 5.1.12 Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias , facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poidan incidir en maior medida.
- 5.1.13 Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento

5.2 CON RELACIÓN AO ALUMNADO

- 5.2.1 Contribuír á adecuación dos procesos de ensino-aprendizaxe ás características, estilos de aprendizaxe e motivacións de cada alumno.
- 5.2.2 Procurar a inclusión de todo o alumnado na aula e centro.
- 5.2.3 Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten
- 5.2.4 Facilitar a incorporación dos alumnos novos ao noso centro.
- 5.2.5 Establecer un plano de accións para a orientación educativa e profesional do alumnado do centro en 6º de educación primaria.
- 5.2.6 Contribuír no desenvolvemento da orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- 5.2.7 Aplicar programas que desenvolvan a adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, contempladas no propio currículo.
- 5.2.8 Identificar as necesidades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación.
- 5.2.9 Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro, e no seu entorno socio-cultural.
- 5.2.10 Prever e actuar nas dificultades de aprendizaxe.
- 5.2.11 Contribuír na axeitada posta en práctica das medidas de atención á diversidade.
- 5.2.12 Organizar os apoios do alumnado que precise reforzos especializados .
- 5.2.13 Colaborar na elaboración e seguimento das adaptacións curriculares.
- 5.2.14 Coordinar as accións que favorezan o transito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando cambien de centro educativo.

5.3 CON RELACIÓN AO PROFESORADO

- 5.3.1 Coordinar as actuacións do profesorado: Titores/as, especialistas, profesorado especialista de P.T e A.L e a Orientadora de cara a dar resposta á diversidade de alumnado.
- 5.3.2 Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo.
- 5.3.3 Asesorar ó profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu traballo.
- 5.3.4 Implicar ao profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- 5.3.5 Colaborar na resolución das necesidades que teñen os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial.

- 5.3.6 Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle a información sobre recursos materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que podan favorecer o seu labor docente e titorial.
- 5.3.7 Colaborar na detección das necesidades de formación permanente do claustro de profesores do centro e contribuír á superación de ditas necesidades, impulsando e organizando accións formativas
- 5.3.8 Promover a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación educativa.

5.4 CON RELACIÓN ÁS FAMILIAS

- 5.4.1 Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- 5.4.2 Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, coa fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- 5.4.3 Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
- 5.4.4 Fomentar a participación activa e construtiva das familias na escola.
- 5.4.5 Impulsar e organizar sesións formativas e divulgativas de interese para as familias.

5.5 CON RELACIÓN A OUTRAS INSTITUCIÓN

- 5.5.1 Coordinar as actuacións cos diversos centros educativos que existen no concello.
- 5.5.2 Implicar a todos os centros educativos do Concello na formación e sensibilización sobre a atención á diversidade.
- 5.5.3 Colaborar cos servizos sociais do concello naqueles casos que o precisen tanto para o alumnado coma para as súas familias.
- 5.5.4 Solicitar a participación e o asesoramento do E.O.E , nos temas e casos que se considere necesario.
- 5.5.5 Colaborar con diferentes especialistas que inciden no noso alumnado (psicólogos, pedagogos, médicos..) e coordinar o traballo con eles para acadar o axeitado desenvolvemento do noso alumnado.
- 5.5.6 Difundir as accións pedagóxicas de éxitos de outras entidades, especialistas...

6. DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS


O Plan de Orientación, abrangue as seguintes liñas de acción prioritarias:

1º Atención á Diversidade: asesorar e colaborar na resposta educativa de calidade a todo o alumnado do noso centro que contribúa ao seu axeitado desenvolvemento persoal, académico e social.

2º Contribuír á mellora do proceso de ensino- aprendizaxe a través da innovación educativa.

3º Contribuír ao desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, facendo especial fincapé na mellora da Convivencia de toda a Comunidade Educativa (familia-escola, entre iguais, mestres, intercentros...) a través do traballo en equipo.

4º. Fomentar a formación de toda a Comunidade Educativa (profesorado e familias)



7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, empregando todos os seus recursos e debe estar enmarcada na acción global do centro. Será fundamental o apoio, a colaboración e coordinación co equipo directivo, a implicación e participación activa de todo o profesorado para o desenvolvemento do Plan e, de xeito específico, por parte do profesorado de AL e PT para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo. Será fundamental o impulso por parte da Orientadora de iniciativas, propostas, proxectos, programas... que sirvan de punto de partida de reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa. Pero será a través da acción titorial permanente co alumnado e as familias a estratexia de intervención fundamental para poder levar a cabo unha verdadeira función orientadora.

As accións da Orientación, para acadar os obxectivos plantexados, enmárcanse nunha serie de estratexias de intervención que se concretan en subplans. A continuación farase unha breve referencia a cada un deles e adxuntaranse de xeito completo como anexo a dito Plan de Orientación.

a. Plan Xeral de Atención á Diversidade

Este plan elabórase coa finalidade de garantir a atención á diversidade e pretende, atendendo ao marco normativo vixente, establecer as liñas e principios xerais de actuación que permitan dar unha resposta axeitada á diversidade do noso centro.

Cando falamos do concepto de diversidade facemos referencia a TODO o alumnado e temos en conta que é responsabilidade de TODO o profesorado. Consideramos a diversidade como un valor en si mesmo baseándonos na idea de que cada un de nós ten unha singularidade social, biolóxica, psicolóxica, social e cultural (alumnos e alumnas, familias, mestres e comunidade educativa en xeral).

Polo tanto, o PXAD (ver documento adxunto), pretende ser un documento base que recolle as estratexias e medios educativos que permiten o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado.

b. Plan de Acción Titorial

A acción titorial debe ser unha tarefa, planificada e consensuada, na que se implique todo o centro, responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores, pero onde o Departamento de Orientación xoga un papel fundamental na elaboración de propostas de acción.

O documento marco, que está actualmente en revisión, deberá establecer as accións relacionadas, cando menos, cos seguintes plans e programas:

i. Plan de Acollida

Este programa (ver documento anexo) trata de recoller a resposta do centro, contemplando as accións a desenvolver, ante a incorporación de novo alumnado e

profesorado, co obxecto de coordinar estas para a acollida satisfactoria dos recién chegados. O centro ten a responsabilidade de programar e organizar esta incorporación á escola cunha planificación coidada, especial e de atención particular a cadaquén, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá grande influencia na historia escolar das persoas incorporadas.

ii. Programa para a mellora da Convivencia:

O Plan de Convivencia é un dos documentos clave do noso proxecto educativo. Un dos fines primordiais que debe perseguir a escola é a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

A aprendizaxe máis útil para a vida é a de establecer unha relación positiva con un mesmo e cos demais, e é o eixe fundamental da educación en valores. O ambiente que se crea na aula ou no centro pode favorecer ou dificultar o proceso educativo, polo que o profesorado, alumnado e demais membros da comunidade educativa deben estar permanentemente cohesionados.

A convivencia é un obxectivo específico e fundamental de todo o proceso educativo que conleva actitudes e comportamentos respectuosos, positivos e de consenso por parte de todos. Desde o Plan de Orientación establécense principios e propostas de acción concretas:

- Estilo docente respectuoso e positivo que sirva de exemplo ao alumnado.
- Fomentar habilidades sociais positivas para a convivencia: No noso centro, ante a detección de alumnado con problemas de conducta e de interacción cos iguais asociados a un pobre desenvolvemento da intelixencia emocional e habilidades sociais, fan necesario desenvolver un programa onde se traballen de xeito específico, coa finalidade de fomentar o respecto do alumnado (a si mesmo e os demais), a través de actitudes responsables da súa propia acción, aprendendo a relacionarse mellor, compartir, cooperar e fomentar a amizade, autoestima e rendemento escolar.

O programa de habilidades sociais “Nos Zapatos dos outr@s”¹ pretende ser unha proposta organizada e consensuada para traballar estes aspectos e contribuír á mellora da convivencia no centro.

- Adoptar normas consensuadas entre todo o equipo docente e alumnado, así como as familias. Fomentar a análise crítica e participación activa na resolución de conflitos de xeito pacífico e democrático.
- Establecer a Asamblea como recurso educativo en todos os niveis.
- Establecer un programa de mediación na resolución de conflitos.

¹ [Ver enlace:](#)

<https://docs.google.com/document/d/1GZE0dRYUOHZkFcOQRJoUNaifSWgF0PZ5MDbnsB0595c/edit?usp=sharing>

- Favorecer a sensibilización e fomentar o respecto ás diferenzas entre persoas e culturas, igualdade de dereitos e oportunidades entre sexos e a non discriminación por ningunha causa.
- Fomentar a aprendizaxe cooperativa entre iguais como ferramenta fundamental para a aprendizaxe e a mellora da convivencia.
- Organizar actividades lúdico educativas no tempo de lecer que dean resposta a todos os intereses do alumnado e fomenten a inclusión de todos e todas. Para alumnado con necesidades educativas especiais establécese o Programa “Patio de Cores” (ver documento anexo); a súa organización concretarase cada ano na Programación Xeral Anual do DO.
- Mellorar a formación en convivencia do profesorado e alumnado. Participar no [Plan Director](#).

iii. Cambio de Etapa: “Un Paso Máis”

A incorporación ao sistema educativo e o paso ás diferentes etapas educativas precisarán, por ser momentos críticos dentro do desenvolvemento persoal e académico do alumnado, de especial atención e guía e dunha actuación coordinada e planificada que facilite o paso dado. As accións concretaranse na Programación Xeral Anual do DO tendo como referencia o documento marco anexo.

iv. Programa para a mellora de hábitos de traballo e autocoidado.

Co obxectivo de fomentar os hábitos de traballo para se enfrontar as tarefas escolares con orde, autonomía e eficacia, levaranse a cabo accións para ensinar a pensar e estudar:

- Actividades relacionadas cos hábitos básicos: corporais (de escribir, sentarse, mirar..), planificación de tempos (horario, axenda), hábitos de ordenación e autonomía.
- Normas de traballo nas diferentes áreas (uso do material de escritura, libretas, subliñado..)
- Técnicas de estudo (palabra clave, subliñado, esquemas, resumo, mapa conceptual...).
-

C. Formación da Comunidade Educativa

Para poder dar unha axeitada resposta educativa de calidade compre manter unha formación permanente e actualizada de toda a Comunidade Educativa. O Departamento de Orientación colaborará na organización e planificación de actividades formativas coa persoa responsable de formación no noso centro (Xefa de Estudos).

Desde o Departamento de Orientación fomentarase a dinamización e participación nas diferentes modalidades formativas ofertadas por entidades públicas e privadas (cursos,

congresos, seminarios, grupos de traballo...), pero principalmente a través de Plans de Formación do Profesorado en Centros que dean resposta ás necesidades formativas detectadas no Centro.

Ademais participarase activamente na organización de Xornadas de Formación e Sensibilización sobre a Atención á Diversidade para toda a Comunidade Educativa, e se fomentará a formación das familias en temas educativos do seu interese.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE ORIENTACIÓN

A través dunha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas poñeranse en marcha os procesos de mellora.

Os criterios de avaliación serán:

- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.
- O fomento de actividades formativas.

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementos e/ou instrumentos: As reunións de coordinación, cuestionarios, análise dos resultados escolares e das probas de avaliación externas, entrevistas, análise do clima de convivencia no centro, memorias finais, análise de documentos, análise de tarefas que nos darán información acerca de:

- a) Desenvolvemento das accións prioritarias.
- b) As accións previstas e non realizadas.
- c) As modificacións e/ou actuacións introducidas.

- d) Reunións celebradas.
- e) A participación nas reunións do Departamento.
- f) O número de demandas recibidas.
- g) O número de demandas atendidas.
- h) Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- i) O desenvolvemento do propio PXAD e PAT.
- j) E outras que poidan ser de interese.

As conclusións de esta avaliación e análise crítica recollerase na Memoria Anual de departamento que se realizará no mes de xuño.

O presente Plan foi actualizado polo Departamento de Orientación e aprobado polo Director o día 10 de abril de 2018

Asdo. Lucía Ruiz Casal
A Orientadora

Asdo. M^a Luisa Martínez Duarte
A Xefa de Estudos

Asdo. Alejandro Sánchez Amado
Director do CEIP Francisco Vales Villmarín

9. ANEXOS

1. Plan Xeral de Atención á Diversidade

1.1 Protocolos actualizados

- 1.1.1 Demanda de intervención
- 1.1.2 Autorización valoración Audición e Linguaxe 1º EP
- 1.1.3 Autorización medidas extraordinarias.
- 1.1.4 Autorización Avaliación Psicopedagóxica
- 1.1.5 Autorización cesión de datos.
- 1.1.6 Documento de RE
- 1.1.7 Documento de AC
- 1.1.8 Plantilla Informe Psicopedagóxico
- 1.1.9 Plantilla Informe Final Etapa
- 1.1.10 Plantilla Informe traslado de centro.
- 1.1.11 Plantilla seguimento por Servizos Sociais
- 1.1.12 Plantilla Informe de Derivación SS
- 1.1.13 Informe derivación Servizo Sanitario
- 1.1.14 Documento de Ditamen Escolarización.
- 1.1.15 Documento Flexibilización/cambio de modalidade escolarización.
- 1.1.16 Solicitud copia de informe psicopedagóxico
- 1.1.17 Documento inicial de recollida información do alumno EI
- 1.1.18 Rexistro de avaliación inicial alumnado de 4º EI.
- 1.1.19 Plantilla informe PT/AL

1.2 Criterios de priorización para o establecemento dos apoios.

1.3 Criterios de priorización de atención de demandas de intervención de DO.

1.4 Programa de Estimulación Oral en EI

1.5 Programa Xeral de Audición e Linguaxe

1.6 Programa Xeral de Pedagogía Terapéutica

2. Plan de Acción titorial

2.1 Plan Acollida

2.2 “Recreos de Cores”

2.3 “Cambio de Etapa. Un paso máis.”

3. Cuestionario de valoración de actuacións

ANEXOS
PLAN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
1.1. PROTOCOLOS

1.1.1 Demanda intervención

SOLICITUDE INTERVENCIÓN DO

_____ pai, nai, titor/a legal ou mestre titor/a de _____

solicita o asesoramento e intervención por parte do Departamento de Orientación para o alumno/a:

Motivo da demanda – necesidades educativas detectadas

--

Resumo dos datos de expediente

--

Datos físicos e de saúde relevantes

--

Datos pedagóxicos salientables e medidas educativas adoptadas ata o momento

--

Tipo de intervención que demanda

--

Asdo.

Betanzos, a _____ de _____ de 20__

1.1.2. Autorización valoración Audición e Linguaxe 1º EP

CURSO 2017-2018

AUTORIZACIÓN VALORACIÓN AUDICIÓN E LINGUAXE

Estimadas familias,

Pola presente informaros que para facilitar o axeitado desenvolvemento da linguaxe de todo o alumnado, con carácter preventivo, realizarase unha valoración por parte das mestras de Audición e Linguaxe a todo o alumnado de 1º EP co galo de determinar a posible necesidade dunha intervención pedagóxica pola súa parte.

Para poder realizala compre asinedes a presente autorización coa maior brevidade posible.

Gustaríanos salientar que isto non quere dicir que o voso fillo/a vaia recibir apoio por parte da mestra de AL. Informarásenos debidamente das conclusións a través da titora, a mestra de Audición e Linguaxe e/ou orientadora do centro.

Atentamente,

O Departamento de Orientación

Don/Dona.....pai, nai, titor/a de
.....
autorizo á mestra de Audición e Linguaxe do Ceip Francisco Vales
Villamarín a realizar unha avaliación da súa linguaxe.

Betanzos, de de 20.....

O pai, nai, titor

Asdo.

1.1.3 Autorización medidas extraordinarias

CURSO 2017-2018

AUTORIZACIÓN MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Don/Dona.....pai, nai, titor/a de
.....escolarizado no
presente curso académico no CEIP Francisco Vales Villamarín en¹de²

AUTORIZO a que se leven a cabo as medidas de atención educativa oportunas por parte do/a mestre especialista en:

<input type="checkbox"/>	PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
<input type="checkbox"/>	GRUPO DE REFORZO EDUCATIVO
<input type="checkbox"/>	AUDICIÓN E LINGUAXE

coa finalidade de mellorar o seu desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo.

Betanzos, de de 20.....

O pai, nai, titor

Asdo.

¹ Curso: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º

² Etapa: EI (Educación Infantil); EP (Educación Primaria)

1.1.4 Autorización avaliación psicopedagóxica

AUTORIZACIÓN DAS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA (intervención do Departamento de Orientación)

Alumno/a:

Data de nacemento: Nivel:

Titor/a:

Domicilio familiar:

Teléfono:

D./Dª
con DNI, pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) deste/a
alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica, tal como
se recolle na Orde do 31 de outubro de 1996 (DOG do 19-12-1996), por parte do/a xefe/a do
Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o meu
fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Para tal valoración, si é preciso, o/a orientador/a do centro solicitará a colaboración de servizos
externos ao centro, como por exemplo: centro de saúde, especialistas clínicos (psicólogo/a, psiquiatra,
neurólogo/a...), Equipo de Orientación Específica dependente da Consellería de Educación, Servizos
Sociais, mestres de apoio externo ao centro, outros.

Polo que:

AUTORIZO

NON AUTORIZO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta
avaliación)

..... de..... de 20.....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

.....

O/A titor/a
(Sinatura)

.....

1.1.5 Autorización cesión de datos

Documento de autorización intercambio información Servizos Sociais

Os abaixo asinantes, pais ou titores legais do alumno ou alumna deste centro

, escolarizado no

grupo , do nivel de Educación

do/a alumno/a do CEIP Francisco Vales Villamarín

SI AUTORIZO

NON AUTORIZO

O intercambio de datos relativos ao desenvolvemento académico, persoal, social e familiar entre o profesorado do centro e a educadora familiar dos Servizos Sociais do Concello para contribuír ao seu axeitado desenvolvemento e con motivo de coordinar a adopción de medidas educativas, así como para supervisar e guiar ás familias na asistencia escolar, hábitos de hixiene e coidado persoal, rendemento académico e desenvolvemento persoal, colaboración familia-escola, medidas de atención á diversidade adoptadas e material escolar e recursos.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

En Betanzos, a de de 20

O pai, nai ou titor/a legal.

As do.:

As do.:

DNI:

DNI:

SR. DIRECTOR DO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN DE BETANZOS



Documento de autorización intercambio información Servizos Externos

Os abaixo asinantes, pais ou titores legais do alumno ou alumna deste centro

, escolarizado no

grupo , do nivel de Educación

do/a alumno/a do CEIP Francisco Vales Villamarín

SI AUTORIZO

NON AUTORIZO

O intercambio de datos relativos ao desenvolvemento académico, persoal, social e familiar entre o profesorado do centro e _____ para contribuír ao seu axeitado desenvolvemento e con motivo de coordinar a adopción de medidas educativas.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

En Betanzos, a de de 20

O pai, nai ou titor/a legal.



Asdo.:

Asdo.:

DNI:

DNI:

SR. DIRECTOR DO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN DE BETANZOS

1.1.6 Documento de RE

**PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO CON MATERIAS
 SUSPENSAS**

DATA DE ELABORACIÓN:

Este documento recolle o conxunto de actuacións de reforzo previstas para dar resposta ás necesidades de apoio educativo do alumno/a:

Motivo:

<input type="checkbox"/>	Ter algunha área non superada de niveis anteriores	
Área:		
Dificultade que presenta		
<input type="checkbox"/> Área non superada do curso anterior	Área non superada na <input type="checkbox"/> 1ª Avaliación <input type="checkbox"/> 2ª Avaliación <input type="checkbox"/> 3ª Avaliación	<input type="checkbox"/> Área superada nas avaliacións pero con dificultades significativas
Área:		
Dificultade que presenta		
<input type="checkbox"/> Área non superada do curso anterior	Área non superada na <input type="checkbox"/> 1ª Avaliación <input type="checkbox"/> 2ª Avaliación <input type="checkbox"/> 3ª Avaliación	<input type="checkbox"/> Área superada nas avaliacións pero con dificultades significativas
Área:		
Dificultade que presenta		
<input type="checkbox"/> Área non superada do curso anterior	Área non superada na <input type="checkbox"/> 1ª Avaliación <input type="checkbox"/> 2ª Avaliación <input type="checkbox"/> 3ª Avaliación	<input type="checkbox"/> Área superada nas avaliacións pero con dificultades significativas

Estas actuacións desenvolveranse principalmente no marco da aula ordinaria e irán encamiñadas a:

- Contribuír ao seu desenvolvemento persoal, social e académico.
- Reforzar as técnicas instrumentais básicas.
- Propiciar no alumno/a unha actitude positiva e activa de cara a aprendizaxe potenciando experiencias de éxito.
- Fomentar hábitos de organización e constancia no traballo.
- Reforzar a súa autoestima persoal, escolar e social.
- Implicar ás familias na mellora académica dos seus fillos/as.

DATOS DO ALUMNO/A:

Nome:

Data de nacemento:.....Curso:Nivel:

Titor:

SÍNTESE DE HISTORIAL EDUCATIVO: (información significativa sobre informes médicos /psicopedagóxicos, cambios de centro, absentismo, apoios recibidos, áreas suspensas, situación familiar.....)

DATOS ACADÉMICOS RELEVANTES			
<input type="checkbox"/>	Alumno/a repetidor	Nivel	
<input type="checkbox"/>	Informe psicopedagóxico	Reforzo previo	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<input type="checkbox"/>	Atención por PT en niveles pasados	Nivel	
<input type="checkbox"/>	Atención por AL en niveles pasados	Nivel	
<input type="checkbox"/>	Adaptación Curricular	Nivel	

ASPECTOS RELEVANTES QUE DIFICULTAN OU FAVORECEN A APRENDIZAXE DO ALUMNO/A (1 dificulta – 5 favorece)

	1	2	3	4	5
Asistencia					
Hábitos de estudio					
Motivación para aprender					
Nivel de atención					
Grao de autonomía					
Responsabilidade e autoesixencia					
Relación cos compañeiros/as					
Relación cos adultos					
Colaboración familia-centro					

Dificultades específicas do alumno/a

ÁMBITOS A REFORZAR:

ÁMBITO PERSOAL - SOCIAL

ÁMBITO FAMILIAR

--

ÁMBITO CURRICULAR

ÁREA:	Estándar de aprendizaxe

DATOS DA ACTUACIÓN A DESENVOLVER

ASPECTOS A MODIFICAR	
<input type="checkbox"/>	Cambios na secuencia de contidos.
<input type="checkbox"/>	Distinta temporalización para acadar os obxectivos:
<input type="checkbox"/>	Cambios na avaliación (formas de avaliar, instrumentos de avaliación).
<input type="checkbox"/>	Cambios na organización da aula.
<input type="checkbox"/>	Cambios nos agrupamentos.
<input type="checkbox"/>	Adaptación das actividades propostas para o grupo/clase.
<input type="checkbox"/>	Eliminación de actividades repetitivas
<input type="checkbox"/>	Utilización doutros medios distintos aos habituais para acadar os obxectivos.
<input type="checkbox"/>	Lecturas complementarias.
<input type="checkbox"/>	Explicacións verbais individualizadas por parte do profesorado.
<input type="checkbox"/>	Fichas didácticas
<input type="checkbox"/>	Outros:

MEDIDAS A ADOPTAR: (marcar cunha cruz)

	Reforzo educativo polo mestre de área/mestre con dispoñibilidade horaria			
	Apoio PT	Nº sesións:	Dentro aula	Fora aula
	Apoio AL	Nº sesións:	Dentro aula	Fora aula
	Grupo de RE	Nº sesións:		
	Intervención da Orintadora	Data demanda		

ESPECIFICACIÓN DOS RECURSOS						
Profesorado de apoio (PT- AL- Apoio primaria - GRE)						
Horario de apoio						
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
1ª	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
2ª	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
3ª	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
4ª	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
5ª	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

MATERIAIS : (marcar cunha cruz)

	Materialis comúns
	Adaptación de materiais comúns
	Material dun nivel inferior ao seu curso
	Outros (especificar):

AVALIACIÓN: : (marcar cunha cruz)

	Normalizada
	Adaptada(especificar técnicas, procedementos, instrumentos):

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO	Valoración e acordos
1ª Avaliación:	
2ª Avaliación:	
3ª Avaliación:	

PROPOSTAS CARA O VINDEIRO CURSO:

.....

.....

.....

COMPROMISO DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Durante o curso o/a alumno/a
de nivel vai seguir un plan individual de reforzo educativo co
obxecto de superar as súas dificultades de aprendizaxe, do que a súa familia
recibiu contada información.

Para acadar o éxito do programa
en calidade de pai/nai/titor legal, comprometémonos a colaborar nas
seguintes tarefas:

-
-
-
-

Realizarase seguimento continuo e haberá unha fluída comunicación
escola – familia.

....., de de

Asdo.

Pai/nai/titor legal

1.1.7 Documento de AC

DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR (D.A.C.)

ALUMNO

CENTRO: CEIP “Francisco Vales Villamarín”

ETAPA EDUCATIVA: Educación primaria (º curso).

CURSO ACADÉMICO:

Este documento forma parte do expediente do alumno/a e ten carácter Confidencial.
Art.9º da Orde 6 de Outubro de 1995 (D.O.G. 7-11-95)



ADAPTACION CURRICULAR INDIVIDUALIZADA

1- DATOS PERSOAIS DO ALUMNO.-

APELIDOS :	NOME :	
DATA DE NACEMENTO :		
ETAPA: Primaria	CURSO:	GRUPO:
LUGAR DE NACEMENTO:		
DIRECCIÓN PERSOAL:		
TITOR/A:		

- ◆ **DATA ELABORACION ACL.:**
- ◆ **DURACION PREVISTA:**
- ◆ **CURRÍCULUM DE REFERENCIA :**

SERVICIOS E PERSOAL IMPLICADO.-

NOME

FUNCION

Titora da alumna

Mestra especialista en PT-AL

Mestra de Inglés

Orientadora



2- ASPECTOS RELEVANTES DA HISTORIA PERSOAL DO ALUMNO.-

2.1- DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

- Características físicas e de saúde:
- Datos médicos relevantes

2.2- DATOS PSICOSOCIAIS

- Nivel intelectual e aptitudinal
- Rasgos da súa personalidade
- Intereses
- Adaptación persoal e social

2.3- DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

- Estructura familiar
- Carcterísticas da dinámica familiar
- Expectativas familiares

2.4- DATOS DO CONTORNO ESCOLAR

- Datos de escolarización e aspectos relevantes da súa escolarización
- Formas organizativas do centro e da aula
- Relacións e participación dos distintos servizos educativos.



3.- DATOS PEDAGÓXICOS PARA A TOMA DE DECISIONS CURRICULARES

3.1. ESTILO E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

3.2. GRADO DE MOTIVACIÓN E INTERESES EDUCATIVOS

3.3. ACTIVIDADES OU TAREFAS NAS QUE DESTACA

3.4. COMPETENCIAS ADQUIRIDAS RESPECTO O CURRÍCULUM DE REFERENCIA

AREA DE MATEMÁTICAS

AREA DE LINGUA (Galega e castelá).

ÁREA DAS CIENCIAS DA NATUREZA E DE CIENCIAS SOCIAIS



ÁREA DE PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA

AREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA

Educación plástica

Educación musical

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS



4. NECESIDADES EDUCATIVAS RESPECTO RESPECTO DAS CAPACIDADES ESTABLECIDAS NO CURRÍCULO DE REFERENCIA

--



5. PROPOSTA DE ADAPTACIÓNS CURRICULARES

5.1 ÁREAS CURRICULARES ADAPTADAS:

MAT	LCL	LGL	CN	CS	INGL	EF	EA	
							MUS	PLAS

5.2. RECURSOS A EMPREGAR

HUMANOS

- Organización dos apoios

MATERIAIS



**PROPOSTA CURRICULAR ADAPTADA PARA ALUMNO:
ÁREA DE:**

1 ²	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CURRÍCULUM REFERENCIA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ADAPTADO	CONTIDOS	COMPETENCIAS

² S: SUPRIMIDO; A:ADAPTADO; V: VÁLIDO.



**PROPOSTA CURRICULAR ADAPTADA PARA ALUMNO:
ÁREA DE:**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE VÁLIDO/ADAPTADO	TEMPORALIZACIÓN			PROCEDEMENTOS/ INSTRUMENTOS AVALIACIÓN %	AVALIACIÓN		
	T1	T2	T3		1º	2º	3º



PROFESIONAIS PARTICIPANTES

O titor/a A mestra PT A mestra AL o Mestre -----

Asdo. Asdo. Asdo. Asdo.

A Orientadora

A Xefa de Estudios

Vº e prace O director

Asdo. Asdo. Asdo

ANEXOS

- ACTA DA REUNIÓN PARA A ADAPTACIÓN CURRICULAR
- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA
- SEGUIMENTO DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

ACTA DA REUNIÓN PARA A ADAPTACIÓN CURRICULAR

DATA:

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Departamento de Orientación.

ASISTENTES:

DECIDEN:

- Que non procede a elaboración da Adaptación Curricular

- Que procede elaborar a adaptación curricular en base ós datos da avaliación recollidos, nos términos que seguen, nas áreas de:

MAT	LGL	LCL	INGL	CS	CN	EF	EA

A xefa de Estudos

Asdo:

CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA

D/Dona:

con D.N.I. número:

- Pai
- Nai
- Representante Legal

do alumno :

fun informada do contido desta adaptación curricular realizada para

- O meu fillo/a
- O meu representado/a

e da posibilidade de recurrir, en caso de desacordo, diante da Dirección do Centro e da Inspección Provincial de Educación.

Betanzos, a de de 2016

Sinatura:



PLANIFICACIÓN E SEGUIMIENTO DA AC:				
DATA	ASISTENTES	RENDEMENTO ALUMNO	ADECUACIÓN DOS RECURSOS E PROGRAMACIÓN	PROPOSTAS
ACTA INICIAL:				
1 ^a AVALIACIÓN :				
2 ^a AVALIACIÓN :				
3 ^a AVALIACIÓN :				

(Anotaranse as diferentes xuntas de seguimentos que se fagan, as novas valoracións psicopedagóxicas, ... e tódalas decisións e modificacións que, en consecuencia, se leven a cabo así como as persoas que participan na toma de decisións.)

REUNIÓN SEGUIMIENTO ADAPTACIÓN CURRICULAR

1. DATOS RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS MÁIS SALIENTABLES QUE DEFINEN AO ALUMNO/A NESTE TRIMESTRE.

ALUMNO/A	
DATA AUTORIZACIÓN AC	
DATA REVISIÓN AC	
MATERIAS ADAPTADAS	

2. ASPECTOS XERAIS TRABALLADOS E GRAO DE ADAQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Traballáronse os estándares programados para este trimestre, facendo especial fincapé nos seguintes aspectos:

O grao de adquisición de cada estándar refléxase no documento de seguimento da AC, acadando a seguinte cualificación :

Área	Cualificación

3. RECURSOS E MATERIAS (empregados e/ou que precisa).



4. ACORDOS DO EQUIPO DOCENTE/XUNTA DE AVALIACIÓN

5. PROFESIONAIS PARTICIPANTES

NOME	FUNCIÓN
	Titor/a
	PT
	AL
	Mestre de
	Mestre de
	Mestre de
Lucía Ruiz Casal	Xefa do DO

En Betanzos, a de

Xefa de DO	Vº e pr.Dirección/Xefatura de Estudos
Asdo:	Asdo:



1.1.8. Plantilla Informe Psicopedagógico

INFORME PSICOPEDAGÓXICO

Apelidos e nome	
Lugar e data de nacemento	
Dirección	
Teléfono	
Centro	
Etapa	
Data informe	

Orde do 31 de outubro de 1996. Artigo 6°. **Confidencialidade.**

Os profesionais que, en razón do seu cargo, deban coñecer o contido do informe de avaliación psicopedagóxica e do ditame de escolarización garantirán a súa confidencialidade.

A.1.- Motivo da avaliación

A.2.- Datos persoais e sociofamiliares

Datos sociofamiliares

Datos físicos ou de saúde

Datos psicosociais

A.3.- Historia escolar. Datos do contexto escolar. Situación actual

B.1. – Desenvolvemento xeral do alumno

aptitude intelectual

A nivel comunicativo-lingüístico

A nivel lóxico-matemático,

A nivel conductual

B.1.2.- Nivel de competencia curricular

B.1.3.- Estilo de aprendizaxe

C.- Identificación das necesidades educativas especiais. Síntese.

D.- Orientacións para a proposta curricular

Algunhas recomendacións didácticas:

Establecerase un **seguimento** do alumno polo Departamento de Orientación para avaliar o seu desenvolvemento, adecuar o seu proceso de ensino-aprendizaxe e establecer as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias.

Betanzos a de de 2017

A Orientadora



INFORME DE SEGUIMIENTO

Motivo

Recoller aspectos significativos do actual desenvolvemento persoal, académico e social do alumno de cara a facilitar a transición á nova etapa educativa (ESO)

Datos do alumno/a

Nome e apelidos:

Data nacemento:

<p>3. Articular de xeito claro e correcto os distintos fonemas da lingua.</p>	<p>2.8. CONCIENCIA FONOLÓGICA (5 anos): recoñecer, contar, unir, invertir, omitir, comparar, engadir, substituir.</p> <p>2.9. Ritmo.</p> <p>3.1 Posición tipo dos fonemas:</p> <p>/a,o,u,e,i, /p/, /t/, /k/, /b/, /d/, /g/, /l/, /m/, /n/ y /ñ/ (3-4 anos)</p> <p>(4-5 anos): /j, ch, f, z, ll, s, r, R/</p> <p>(6 anos): sinfóns e inversas</p> <p>3.2. Articulación indirecta dos fonemas en sílaba directa:</p> <p>/a,o,u,e,i, /p/, /t/, /k/, /b/, /d/, /g/, /l/, /m/, /n/ y /ñ/ (3-4 anos)</p> <p>(4-5 anos): /j, ch, f, z, ll, s, r, R/</p> <p>(6 anos): sinfóns e inversas</p>	<p>-Discriminar os fonemas:</p> <p>/a,o,u,e,i, /p/, /t/, /k/, /b/, /d/, /g/, /l/, /m/, /n/ y /ñ/ (3-4 anos)</p> <p>(4-5 anos): /j,,ch, f, z, ll, s, r, R/</p> <p>(6 anos): sinfóns e inversas</p> <p>-Articular con corrección na linguaxe espontánea os fonemas traballados.</p>
---	--	---



<p>4. Aumentar o dominio e control do léxico.</p>	<p>4.1. Identificación de persoas, obxectos, accións e adxectivos relacionados cos seguintes campos semánticos: - A escola</p> <ul style="list-style-type: none">- O corpo- A roupa.- A casa.- Os animais- Os alimentos- Os transportes.- As estacións e as súas festas. <p>4.2. Categorización/ asociación do léxico polo seu significado.</p> <p>4.3. Definicións sinxelas</p>	<ul style="list-style-type: none">- Usar de xeito apropiado o léxico.-Definir de forma sinxela obxectos da súa vida cotiá.
---	--	---



<p>5. Expresarse cunha correcta construción das frases.</p>	<p>5.1. Emprego de frases progresivamente máis longo cunha estrutura de S+V+P.</p> <p>5.2. Concordancias de xénero e número con nomes e adxectivos.</p> <p>5.3. Emprego de pronomes persoais, demostrativos e posesivos.</p> <p>5.4. Tempos verbais en presente, pasado e futuro.</p> <p>5.5. Adverbios de modo, tempo e lugar.</p>	<p>-Asociar frases a imaxes.</p> <p>-Narrar necesidades, sentimentos, ideas ou experiencias persoais de xeito ordenado e coherente.</p>
<p>6. Favorecer a comprensión oral.</p>	<p>6.1. Comprensión de ordes simples.</p> <p>6.2. Comprensión de ordes complexas de selección.</p> <p>6.3. Comprensión de ordes complexas de execución.</p> <p>6.4. Comprensión de narracións sinxelas.</p>	<p>-Seguir ordes complexas de selección e acción de ata 3 elementos.</p> <p>-Responder a preguntas sinxelas sobre un relato.</p>
<p>7. Estimular o gusto pola linguaxe e intercambios comunicativos.</p>	<p>7.1 A conversa</p> <p>7.2. A narración.</p>	<p>-Disfrutar comunicando e falando cos demais.</p>
<p>8. Favorecer o proceso lecto-escritor.</p>	<p>8.1 Lectura de contos.</p> <p>8.2. Lectura de frases con pictogramas.</p> <p>8.3. Lectura de palabras dun xeito global.</p>	<p>-Disfrutar coa lectura dun conto.</p>

METODOLOXÍA

O Obradoiro estará baseado no xogo e na confianza, Os principios metodolóxicos a seguir serán:

- Principio de actividade: “O alumno/a como axente protagonista da súa aprendizaxe”
- Principio de motivación: “Atención aos estilos cognitivos dos alumno/as”
- Principio de individualización: “Adaptación ao alumno/a proporcionando a cada un o que necesita en función das súas capacidades”.
- Principio de afectividade: “Fomentar positivamente o autoconcepto e autoestima dos alumno/as”.
- Principio de socialización.
- Principio de globalización: “Contextualización de contidos, facilitando o uso funcional dos mesmos”.

A través de distintos xogos de imitación, motricidade (xeral, segmentaria, grossa, fina e bucofacial), expresión corporal, discriminación e memoria auditiva, ritmo, vocalización, xogos semánticos, de desenvolvemento das estruturas morfosintácticas, xogos de expresión oral e razoamento cognitivo, secuenciaranse os diferentes contidos a traballar integrando aspectos motrices, fonolóxico-fonéticos, semánticos, morfosintácticos e pragmáticos.

- INTEGRACIÓN FONOLÓXICA-FONÉTICA: Adquisición paulatina de tódolos fonemas. Partirase dos exercicios respiratorios, de sopro e praxias bucofaciais para pasar os exercicios de vocalización e articulación. Utilizaranse lotos, láminas, viñetas, contos, etc. Repetición de palabras progresivamente dunha a varias sílabas.



- **INTEGRACIÓN SEMÁNTICA:** Aumento progresivo do vocabulario a través de lotos, láminas, puzzles, contos, cancións, etc, para acadar as categorías semánticas. Partirase dunha observación con preguntas como Que é? Que ves aquí? Que hai aquí? Irá dicindo os nomes dos debuxos cun artigo diante. Despois iranse traballando calidades e por último accións. Utilizaranse as seguintes preguntas: Como é? ¿Que fai?. Farase por familias semánticas: partes do corpo, alimentos, prendas de vestir, animais, etc. Progresivamente irase chegando á definición dos obxectos.
- **INTEGRACIÓN MORFOSINTÁCTICA:** Adquisición progresiva das estruturas morfosintácticas utilizando sobre todo os contos, as viñetas, as cancións, as poesías, as láminas, etc. Páranse preguntas como: Quen é? Qué fai? Onde está? Con quen está? Con que? Como? Cando? Por qué? Extensión progresiva da frase.
- **INTEGRACIÓN DO NIVEL PRAGMÁTICO:** A progresión que teñen no uso da Linguaxe a nivel de comunicación pasan polas diferentes fases de denominación, descrición, narración, conversa. Fan preguntas que van da palabra-frase a unha frase estruturada. Piden axuda. Verbalizan "problemas". Responden a cuestións prácticas da vida do seu entorno.
- **INTEGRACIÓN RAZOAMENTO:** puzzles; emparellar obxectos/láminas iguais; clasificar obxectos segundo criterio (forma, color, tamaño, campo semántico, complementariedade..); memory; dominós...
- **INTEGRACIÓN LECTO-ESCRITORA:** asociar tarxetas-fotos; asociar palabra-palabra; lotos de imaxes e de palabras; asociar palabra a imaxe; lectura de contos sinxelos con vocais e onomatopeias; ordear dúas palabras para formar unha frase; identificar o grafema traballado...

•

Para darlle estrutura e organización ao programa distribuiranse os contidos e actividades en unidades didácticas, que terán como referente as establecidas na programación de aula e o material “Escucha...te cuento” de Grupo Editorial Universitario e “Xogando cos sons” de Xerais.

Cada unidade didáctica desenvolverase ó longo de 2 semanas aproximadamente e xirará entorno a un centro de interese :

- **A escola**
- **O corpo.**
- **A casa.**
- **Os oficios**
- **Os animais.**
- **Os alimentos.**
- **Os transportes...**

Como elemento motivador e dinamizador das unidades empregarase a diferentes personaxes asociados aos diferentes tipos de sesión que guiarán as actividades e o ordenador como ferramenta básica. Empregarase o blog **laclasedelpayaso.blospot.com**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Francisco Vales Villamarín

Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es – tlf 881880237 fax 881880240



ANEXOS

PLAN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.5. PROGRAMA XERAL DE AUDICIÓN E LINGUAXE

1.5 Programa xeral de Audición e Linguaxe

Para dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativas do alumnado do CEIP Francisco Vales Villamarín cóntase, cun Departamento de Orientación integrado, ademais de pola Xefa do Departamento, polos seguintes mestres de apoio: tres mestras de Audición e Linguaxe e tres mestres de Pedagogía Terapéutica .

Unha mestra de Audición e Linguaxe está adscrita á etapa de EI , prestando atención directa, seguindo as directrices marcadas polo Departamento de Orientación, a todo o alumnado con n.e.e. relacionadas coa comunicación e linguaxe desta etapa. As outras dúas prestarán atención docente directa a alumnado de Educación Primaria

Dado o elevado número de alumnado do centro, o elevado número de alumnado con n.e.e., tanto de carácter permanente asociadas a discapacidade psíquica, física e sensorial como temporais asociadas a dificultades no axeitado desenvolvemento da linguaxe oral, é necesario establecer uns criterios de priorización na atención do alumnado.

Así mesmo, ó amparo do DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recálcense as seguintes consideracións:

- O apoio por parte dos mestres especialistas de apoio considérase unha medida extraordinaria de atención á diversidade .
- Na resposta educativa á diversidade priorízanse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade (titores e profesores de atención educativa)
- Nas programacións didácticas débese contemplar a Atención a Diversidade para o grupo de alumnos determinado.

Por tanto, tendo en conta o anteriormente recollido, os criterios preferentes de apoio por parte do profesorado especialista de pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe á hora da atención á tipoloxía dos alumnos/as, aqueles que presenten :
1º Previo informe psicopedagóxico e/ou Dictame do EOE, recibirá apoio por parte dos especialistas de PT/AL o alumnado con ACS e nee

asociadas a discapacidade motórica, sensorial, psíquica, trastorno xeneralizado do desenvolvemento (TXD), TDAH, dificultades graves de conducta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.

2º Previo informe psicopedagógico e/ou Dictame do EOE, o alumnado con dificultades de aprendizaxe asociadas a discapacidade motórica, sensorial, psíquica, trastorno xeneralizado do desenvolvemento (TXD), TDAH, dificultades graves de conducta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.

3º Alumnado con dificultades de aprendizaxe e ACS.

4º Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe asociadas a trastorno específico da linguaxe, necesidades educativas asociadas a retraso da linguaxe, dificultades da fala, dificultades de lectoescritura, cálculo e resolución de problemas.

5º Outras dificultades asociadas a necesidades educativas derivadas de altas capacidades.

Priorizarase a atención ao alumnado con menor idade para evitar futuras dificultades e establecer o antes posible os mecanismos para acadar o éxito escolar así como aqueles con maior número de cursos de desfase curricular co grupo de referencia.

Na etapa de EI ante o alumnado que presenta dificultades no axeitado desenvolvemento da linguaxe priorizarase a intervención grupal, na aula ordinaria, a través do Obradoiro de Estimulación da Linguaxe, de forma que a intervención específica que para uns ten carácter rehabilitador, para todos ten un carácter preventivo e de estimulación facilitando o axeitado desenvolvemento da linguaxe e da fala. A mestra de AL poderá intervir directamente no grupo-clase (se presenta dispoñibilidade horaria seguindo os criterios de priorización de actuación) ou ben asesorar ao mestre de aula na programación e posta en práctica do Obradoiro, deseño de actividades, recursos...

“En muchos casos de retrasos simples del lenguaje y de habla, la atención no es recomendable que sea individual, sino con todo el grupo de niños y niñas de un aula de Educación Infantil, de esta forma lo que para unos sirve de rehabilitación es para todos una

estimulación para seguir desarrollando el lenguaje (existen numerosos juegos y actividades de estimulación de lenguaje que no sólo favorecen seguir desarrollando el mismo a nivel oral sino que se convierten en la base sustancial que para el aprendizaje de la lectura tiene el despertar de la conciencia metalingüística).

En estos casos el profesorado de las aulas de Audición y Lenguaje puede intervenir asesorando en este sentido al profesorado de aula ordinaria o interviniendo en la misma para hacer modelaje o en situación de doble tutoría; preparando material para actividades planificadas, etc.

Las intervenciones para *mejorar aspectos del habla*, no serían prioritarias y se basarían en un criterio de funcionalidad (expresividad e inteligibilidad) y no de calidad máxima. Para decidir sobre la intervención directa o a través del asesoramiento al tutor/a 2 es preciso hacer una valoración de cada caso individualmente; pueden darse situaciones en que las dificultades de articulación sean muy numerosas y hagan el habla apenas inteligible para los demás. Puede tener especial importancia la intervención como previo o en el momento de comenzar el proceso de enseñanza-aprendizaje de la lectura y la escritura.”

Dado o elevado número de alumnado con ACNEAE nesta etapa de EI, as mestras de apoio a EI incluirán, dentro das súas funcións e entre outras, prestar atención docente directa a dito alumnado e desenvolverase, con carácter preventivo, un Obradoiro de Estimulación da Linguaxe Oral en 4º EI, no que colaborará tamén a Orientadora do centro, e en 6ºEI . En 5º EI este obradoiro será desenrolado pola mestra de AL.

En 1º de Educación Primaria, e con carácter preventivo, levarase a cabo no mes de setembro, por parte das mestras de AL, unha avaliación da linguaxe de todo o alumnado co gallo de detectar dificultades articulatorias e intervir o antes posible.

A **función docente das mestras de Audición e Linguaxe** xirará entorno aos seguintes aspectos:

- Colaborar coa orientadora do Centro na detección e avaliación do alumnado con n.e.a.e. relacionadas coa linguaxe oral.
- Prestar atención docente directa aos alumnos/as con n.e.a.e de carácter temporal relacionadas coa linguaxe oral, fomentando o desenvolvemento da súa competencia en comunicación lingüística.
- Estimular e rehabilitar a comunicación e linguaxe do alumnado con n.e.a.e. asociadas a algún tipo de discapacidade (física, psíquica ou sensorial), fomentando o desenvolvemento da súa competencia en comunicación lingüística.
- Prestar atención docente directa aos alumnos/as con n.e.a.e. asociadas a algún tipo de discapacidade (física, psíquica ou sensorial), priorizando os obxectivos curriculares das áreas de lingua e comunicación e representación, e contribuíndo ao axeitado desenvolvemento dos contidos relacionados coa linguaxe verbal e escrita.
- Prestar atención docente directa a alumnado con dificultades específicas relacionadas coa lecto-escritura (Dislexia, disgrafía, siortografía)
- Colaborar na elaboración e avaliación das medidas curriculares adaptadas para o alumnado con n.e.a.e.
- Informar e orientar ao profesorado, pais e alumnos/as.
- Coordinar coas especialistas de AL e PT, titores, e orientador/a a intervención co alumnado con n.e.a.e.
- Buscar e elaborar recursos e materiais didácticos axeitados para ditos alumnos/as.
- Prever posibles alteracións da linguaxe.
- Colaborar coas mestras de apoio a EI na posta en marcha do Obradoiro de Estimulación da Linguaxe Oral.

Dentro das competencias que orientan e impregnan o currículo, guiará a práctica educativa das mestras de audición e linguaxe o desenvolvemento no alumnado da súa comunicación lingüística.

Pretenderase o desenvolvemento da linguaxe como instrumento de comunicación oral, e na medida das posibilidades escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Tendo en conta as n.e.e. do alumnado co que intervir e a súa diversidade será necesario realizar unha programación específica para cada neno/a. Así, nesta programación xeral sinálanse de forma xenérica os obxectivos a acadar con todos eles.

Estes **obxectivos** son:

- Empregar a linguaxe para comunicarse, expresar necesidades ideas e sentimentos.
- Potenciar as bases funcionais da linguaxe: respiración, sopro, audición, praxias bucofaciais.
- Acadar unha expresión oral fluída e correcta.
- Articular correctamente tódolos fonemas e sinfóns.
- Aumentar o vocabulario.
- Empregar estruturas sintácticas progresivamente máis complexas para comunicarse.
- Comprender textos orais de uso habitual.
- Mellorar os procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria.
- Fomentar o gusto pola comunicación e expresión de ideas, sentimentos...
- Facilitar a aprendizaxe da linguaxe escrita, comprendendo, reproducindo e escribindo textos progresivamente máis complexos.
- Fomentar o gusto pola lectura e a escritura.

Os **contidos** para a consecución de ditos obxectivos serán:

- Discriminación e asociación auditiva de rúidos, sons e fonemas.
- Respiración e sopro.
- Habilidade motora de labios, lingua, mandíbula...
- Voz
- Aspectos prosódicos: entoación e ritmo.
- Adquisición do sistema fonolóxico.
- Adecuado desenrolo sintáctico: lonxitude e complexidade das frases, concordancias e orde de organización de enunciados...
- Amplitude de vocabulario.
- Establecemento de categorías semánticas.
- Relacións de significado entre os compoñentes do discurso.
- Competencia conversacional.
- Funcións da linguaxe e da comunicación.
- Teoría da Mente
- Percepción.
- Atención.
- Memoria.
- Organización do esquema corporal.

- Orientación espacio-temporal.
- Lectura: regras de conversión, velocidade lectora, comprensión lectora...
- Escritura: caligrafía, concordancia, expresión, ortografía...

Os contidos a desenvolver estarán determinados polas necesidades particulares de cada alumno e traballarase dun xeito globalizado, partindo do coñecemento do alumno/a e secuenciándose en función da evolución do mesmo.

A **metodoloxía** a seguir basearase nun dos principios básicos do noso sistema educativo: o xogo. O proceso de ensinanza-aprendizaxe adecuarase ás necesidades educativas de cada alumno/a e ao seu ritmo de aprendizaxe, sendo a “comunicación” un dos aspectos máis importantes a ter en conta. Por este motivo a metodoloxía estará baseada nunha “*comunicación total*” polo que se empregará todo tipo de axudas visuais e xestuais que se consideren oportunas.

A duración das sesións dependerá das n.e.e. de cada alumno/a e estará suxeita a posibles modificacións en función da evolución do suxeito. Por regra xeral os alumnos con necesidades transitorias acudirán á aula en sesións de 25 minutos; os alumnos con necesidades educativas específicas de carácter permanente acudirán en sesións completas.

As **actividades** xirarán entorno ós seguintes aspectos:

- ✓ Actividades corporais e de desenvolvemento cognitivo (relaxación; imitación, ritmo e movemento; percepción e expresión corporal...)
- ✓ Actividades de audición e voz (discriminación auditiva; respiración e sopro; praxias bucofaciais; voz...)

- ✓ Actividades de linguaxe oral e comunicación (cancións; poesías; retahílas; articulación de palabras; frases; contos; dramatizacións; sinónimos-antónimos; campos semánticos...)
- ✓ Actividades de lectura e escritura (lecturas, dictados, copias, composicións espontáneas...)

Os **materiais** serán variados: textos de lectura; fichas de recuperación de dislalias; “Enséñame e hablar”; Vocabulario Básico en Imágenes; lotos (fonolóxicos, de accións...); secuencias temporais; fichas do esquema corporal; orientación espacial, atención ,percepción e memoria; material de sopro (candeas, palliñas, pelotas de pin-pon, globos, matasogras...); letras manipulables; fichas de escritura; barallas; bingos; dominós; programas informáticos; instrumentos musicais; cómics para falar...

A **avaliación** será formativa, continua e global, tendo como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada alumno/a, pero que xirarán ao redor de:

- Expresar necesidades, desexos e sentimentos a través das diferentes linguaxes (oral, corporal, escrita....)
- Empregar a linguaxe oral cunha forma e contido axeitada para comunicarse.
- Realizar un uso funcional da mesma.
- Comprender mensaxes orais diversos.
- Saber escoitar.
- Amosar interese pola linguaxe escrita.
- Expresarse a través da linguaxe escrita.
- Disfrutar coa escoita e lectura de contos.

Partirase dunha *avaliación inicial* baseada na observación, entrevista co titor/a, cos seus pais e outros profesionais así como nos informes do orientador do centro, informes logopédicos de anos anteriores... co fin de establecer as n.e.e. de cada alumno/a e poder adecuar así o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os resultados da avaliación quedarán recollidos nunha ficha-informe.

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha *avaliación continua* do proceso de ensinanza-aprendizaxe, rexistrando periodicamente os avances dos alumnos/as. Esta avaliación permitiranos modificar ou axustar o modo de intervención que se está a levar a cabo se é necesario.

Ao finalizar o curso realizarase unha *avaliación final* co fin de recoller os resultados nun informe logopédico (que inclúe anamnesis do alumno/a, o traballo desenrolado ao longo do curso, a avaliación actual do alumno e orientacións) e así facilitar a intervención para o vindeiro curso.

Así mesmo quedarán reflexadas as entrevistas cos pais nunhas fichas onde se recollerán os aspectos e acordos máis salientables.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Francisco Vales Villamarín

Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es – tlf 881880237 fax 881880240



ANEXOS

PLAN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.6. PROGRAMA XERAL PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1.6 Programa xeral de Pedagogía Terapéutica

Cóntase con 3 mestres de pedagogía terapéutica. En función dos informes e orientacións facilitados polos mestres de PT do curso pasado e a Orientadora, e seguindo os criterios de priorización de apios establecidos polo DO, elaboraranse os horarios, que serán susceptible de modificacións ao longo do curso en función da evolución do alumnado ou de novos casos que poidan xurdir.

Os obxectivos a traballar, así como a metodoloxía, estarán en función das necesidades individuais de cada discente, procurando a máxima coordinación cos titores e resto de profesorado, coa finalidade de que poidan acadarse, na maior medida posible, **as competencias básicas** que se corresponderían con cada un dos niveis.

OBXECTIVOS:

En **liñas xerais**, propóñense os seguintes **obxectivos**:

- Dar unha resposta educativa axeitada a cada alumno/a que lle permita seguir o currículo ordinario na medida das súas posibilidades.
- Priorizar as aprendizaxes básicas instrumentais (lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas,...), así coma as aprendizaxes básicas funcionais que lles permita vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- Favorecer a inclusión no centro e na aula do alumnado.
- Contribuír ao desenvolvemento dos prerrequisitos básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- Fomentar o traballo cooperativo cos distintos membros da comunidade educativa.
- Mellorar o clima afectivo e social da aula.
- Desenvolver unha actitude positiva ante a necesidade de adoptar unha dieta rica, variada e equilibrada.
- Favorecer o desenvolvemento da axilidade mental (cálculo, lectura...).

Como obxectivos máis específicos destacar:

- Favorecer a estimulación multisensorial (**Áreas perceptivas**).
- Interpretar a realidade do paso do tempo a través da discriminación dos conceptos temporais. (**Percepción temporal**).
- Asimilar a linguaxe e utilízala de xeito comprensivo (**Comprensión verbal**).
- Captar relacións e ideas na linguaxe e expresalas no uso do mesmo (**Razoamento verbal**).
- Ler correctamente de xeito mecánico e comprensivo (**Lectura**).
- Escribir correctamente e usar a escritura como medio de comunicación (**Escritura**).
- Asimilar os conceptos básicos de cantidade e número (**Conceptos básicos numéricos**).
- Resolver operacións aritméticas e usalas de xeito comprensivo (**Cálculo**).
- Integrarse e participar activamente no grupo social (**Área Social**).

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Tendo en conta que o obxectivo do noso traballo é adquirir unha aprendizaxe significativa, funcional, comprensiva e cooperativa, que se axuste ás necesidades educativas do noso alumnado, intentarase, na medida do posible, favorecer a inclusión do alumnado dentro do grupo ordinario e implementaranse gradualmente das medidas ordinarias ás máis específicas e extraordinarias, sempre procurando a participación das familias para posibilitar unha certa continuidade no traballo, así como cos diferentes profesionais implicados. Farase chegar a información por distintas canles sensoriais, pasando do máis sinxelo ao máis difícil, repetindo tarefas e proporcionándolle a axuda e as instrucións necesarias, para logo ir eliminándoas pouco a pouco ata obter a maior autonomía posible.

Desenvolveranse actividades conxuntas que permita que o alumnado traballe dunha maneira cooperativa e colaborativa, co obxectivo de desenvolver as habilidades sociais, así como tamén as aprendizaxes instrumentais básicas. Neste senso, dedicaranse os primeiros minutos de cada sesión a traballar aspectos relacionados co cálculo, a estimación, a lectura e a resolución de problemas, a través dos programas de traballo presentados polo Departamento de Orientación aos coordinadores de ciclo, dos que se fará un seguimento periódico por parte do mesmo.

RECURSOS

▪ RECURSOS MATERIAIS:

Traballárase con materiais didácticos específicos, con materiais adaptados ás necesidades do alumnado e con materiais ordinarios. Pódense nomear os seguintes: material funxible; para a comunicación; xogo simbólico; para o esquema corporal; material manipulativo; para traballar as técnicas instrumentais básicas ...

▪ RECURSOS PERSOAIS: Servizos Internos do centro como son: Mestres de Pedagogía Terapéutica, os Mestres titores/as e o Departamento de Orientación. Servizos Externos ao centro: Equipo de Orientación Específico (de ser preciso), as familias, gabinetes, asociacións e outros.

▪ RECURSOS INFORMÁTICOS E AUDIOVISUAIS: ordenador, TV, vídeo, DVD e programas informáticos educativos da etapa de Educación Infantil e Primaria, adaptados ao nivel de competencia curricular dos discentes, como poderían ser os seguintes: *Pipo en la Grecia Clásica* ou *Aprendo a leer con Pipo*.

▪ RECURSOS ORGANIZATIVOS: usaranse as reunións de ciclo, CCP, Claustro, como as horas de atencións a pais/nais, así como tamén as reunións do Departamento de Orientación fixadas no horario.

Cóntase cunha aula de apoio equipada con material diverso que permite unha atención máis específica en casos puntuais, aínda que como norma xeral e na medida do posible, traballarase co alumnado dentro da aula ordinaria, para favorecer a súa integración no grupo-aula.

ACTIVIDADES

Serán motivadoras, variadas e dinámicas, estimularán a participación, solidariedade e non discriminación, integrarán contidos de distinto tipo e con graos de dificultade axustados e progresivos a diferentes niveis de intervención, empregando diferentes enfoques de resolución, admitindo a interacción e permitindo a xeneralización das aprendizaxes.

CONTIDOS

- As aprendizaxes básicas instrumentais (lectura, escritura, cálculo, resolución de problemas...), así coma as aprendizaxes básicas.
- Os prerequisites básicos para a aprendizaxe (atención, percepción, memoria, razoamento...).
- O traballo cooperativo.

- A estimulación multisensorial, o paso do tempo.
- Comprensión e razoamento verbal.
- Lectura mecánica e comprensiva .
- Escritura correcta.
- Conceptos básicos numéricos.
- Operacións aritméticas e resolución de problemas.
- Habilidades sociais.
- Ademais dos correspondentes aos niveis curriculares dos distintos ciclos educativos.

TEMPORALIZACIÓN E AVALIACIÓN

Primeiro trimestre: Revisión de informes de anos anteriores, identificación de necesidades, planificación da resposta educativa, colaboración nas avaliacións psicopedagóxicas e na realización das ACS, de ser necesario.

No **segundo trimestre, seguimento** das propostas feitas no primeiro trimestre, aínda que esta revisión sexa unha constante ao longo de todo o curso.

No **terceiro trimestre** avaliarase a **eficacia** do traballo realizado no curso, colabórase na memoria final do centro, realízase a memoria da aula de apoio e os informes finais dos discentes.

Empregaranse diferentes instrumentos tanto cuantitativos como cualitativos para realizar a identificación, seguimento e poder probar a eficacia das accións levadas a cabo a través da observación sistemática, das tarefas realizadas polo alumnado, os diferentes informes realizados, das entrevistas feitas, así como dos diferentes resultados reflectidos academicamente durante os diferentes trimestres e os resultados acadados dos programas desenvolvidos dun xeito colectivo polo profesorado e o departamento de orientación.

ANEXOS

2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

2.1. PLAN ACOLLIDA



PLAN ACOLLIDA

ÍNDICE

1. Introducción
2. Obxectivos
3. Desenvolvemento
 - 3.1. Alumnos de nova incorporación
 - 3.1.1. Nenos de 4º educación infantil
 - 3.1.2 Alumnado de nova incorporación ao longo da etapa de EI
 - 3.1.3. Alumnado procedente das escolas Unitarias Adscritas
 - 3.1.4. Alumnado procedente doutros centros
 - 3.1.5. Alumnado inmigrante
 - 3.1.6. Comité de benvida.
 - 3.2. Profesorado de nova incorporación ao centro
4. Seguimento e avaliación do plan.



1. INTRODUCCIÓN

Todos os anos se incorporan ao centro novos profesores e alumnos: de educación infantil, procedentes doutros colexios ou inmigrantes. Non é fácil para ningún deles: pásase de un ambiente que se coñece e domina a outro descoñecido e todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza.

No proceso de adaptación, as persoas teñen que coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación. O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de todos. É un proceso biunívoco, caracterizado pola reciprocidade, onde o contexto mesmo se modifica para acoller, para saír ao encontro. O centro terá a responsabilidade de programar e organizar esta incorporación á escola cunha planificación coidada, especial e de atención particular a cadaquén, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terá grande influencia na historia escolar das persoas incorporadas.

Este programa trata de dar resposta a esta necesidade, contemplando as accións a desenvolver en relación coa incorporación do novo profesorado e alumnado co obxecto de coordinar estas para a acollida satisfactoria dos recen chegados, tendo en conta que algunhas actuacións deberán complementarse con outras recollidas no PXAD.

2. OBXECTIVOS

- ✓ Introducir na organización escolar os cambios e recursos necesarios para que poida realizarse un proceso de aceptación – adaptación – inclusión do alumnado de nova escolarización, de forma coherente.
- ✓ Facilitar o tránsito da familia ou dunha escola cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- ✓ Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, favorecendo a sensación de seguridade, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización diferente e a un mundo relacional distinto.
- ✓ Establecer liñas de colaboración coas familias, informais e implícitas no período de adaptación.
- ✓ Acadar que o alumno novo comprenda o funcionamento do centro e se adapte aos compañeiros e mestres.
- ✓ Fomentar actitudes de respecto cara ao alumnado inmigrante e facilitar o proceso da súa integración, potenciando os aspectos de enriquecemento que aportan as diferentes culturas.
- ✓ Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, favorecendo a integración na súa dinámica de traballo.
- ✓ Acadar o coñecemento das circunstancias persoais de cada neno.

3. DESENVOLVEMENTO

Para acadar os obxectivos deste programa de acollida, desenvolveranse as seguintes actuacións:

3.1. Alumnos de nova incorporación

3.1.1. Nenos de incorporación a 4º educación infantil.

a) Na matriculación:

O equipo de Administración recibirá ás familias durante a matriculación, realizando unha función informativa básica acerca da escola e respondendo ás preguntas que se susciten.

Facilitarase documentación sobre a importancia de preparar o alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.



Anticípaselles que no mes de setembro serán convocadas a unha primeira xuntanza co profesorado sen a presenza dos nenos/as para coñecer a escola e todo o relativo ao proceso de incorporación destes.

b) Durante a 1ª quincena de xuño:

O equipo docente de educación infantil analizará os datos do novo alumnado admitido.

Realizarase unha xuntanza coas Escolas de Educación Infantil do Concello (Municipal e Galiña Azul) para tratar aspectos do desenvolvemento do alumnado así como aspectos metodolóxicos a ter en conta.

Se houberse nenos con NEAE o departamento de orientación terá un primeiro contacto coas familias para recabar información sobre o alumnado. Posteriormente determinaranse, se fose o caso, as actuacións pertinentes.

b) Durante a 1ª quincena de setembro

O equipo de educación infantil, xunto co DO, fará unha xuntanza informativa xeral coas familias. Nesta reunión realizarase a presentación de todo o equipo docente, explicaranse normas de funcionamento, distribución de titorías, plan de acollida.

Sobre todo, é importante que os pais e nais reciban nesta primeira reunión todas as informacións prácticas relativas á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo/a e sexan conscientes da necesidade de colaboración coa escola.

Puntos que se poden tratar nesta primeira reunión: Expoñer as liñas básicas do proxecto educativo; visita ao centro; Expoñer as respostas á entrada na escola que os nenos poden manifestar en canto a alteracións de comportamento e como actuar ante estas condutas; Informar dos diferentes servizos que ofrece o centro escolar: Calendario escolar, o horario do centro, o horario do alumno/a, o lugar de entrada e saída, as normas básicas a seguir no recinto escolar e servizos que ofrece o centro (transporte e comedor).; Invitar aos pais e ás nais a expresar as súas dúbidas, inquedanzas e iniciativas.; visitar as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolle a función de cada unha delas.

Convén que este primeiro contacto sexa acolledor. A relación entre as familias e o centro será máis fluída si perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirilles tranquilidade e a sensación de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

- c) *O primeiro día de escola:* Visita ao centro do alumnado xunto coa súa familia. É conveniente que os nenos acudan ao centro para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos, profesorado, persoal laboral e alumnado dende a proximidade tranquilizadora do familiar que o acompaña. As quendas de visita quedarán establecidas na reunión anterior.
- d) Unha vez comezado o curso os titores/as citarán aos pais dos nenos/as co fin de recadar información básica sobre o alumno/a. A información solicitada será a que se recolle no cuestionario para alumnado de infantil.

3.1.2 Alumnado de nova incorporación á etapa de Educación Infantil.

O equipo docente de educación infantil:

- Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.
- Realizará a entrevista persoal ás familias co obxecto de recompilar datos sobre o alumno.



- Decidirá, xunto coa Xefa de Estudos, o momento da incorporación de cada neno establecendo os agrupamentos e horarios para a entrada graduada, tendo en conta a presenza daqueles nenos que manteñan relación de amizade, veciñanza ou familiaridade, a experiencia previa ou non nunha gardaría ou escola, necesidades educativas especiais...
- O Departamento de Orientación colaborará na avaliación inicial do alumnado de nova incorporación nesta etapa, establecendo as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas, de ser o caso.
- A incorporación dos nenos novos ás aulas, se non estiveron escolarizados previamente, realizarase progresivamente, segundo determine o equipo docente de educación infantil.

3.1.3 Alumnado procedente das Escolas de Educación Infantil Adscritas

En 1º de Educación Primaria o alumnado escolarizado nas catro unitarias adscritas ao noso centro dos Concellos de Coirós e Paderne, incorporaranse ao noso centro. Para facilitar a súa acollida realizaranse as seguintes actividades:

- Realización e colaboración no maior número posible de actividades complementarias ao longo do curso para familiarizar ao alumnado matriculado nas EEI cos nosos espazos e fomentar a interacción cos iguais que van ser os seus futuros compañeiros.
- Realizaranse no mes de Xuño dúas Xornadas de Convivencia (unha en Coirós e outra no Centro). O alumnado de 1º EP que estivo escolarizado nas unitarias (antigos compañeiros) actuarán como guías para ensinar espazos e funcionamento do centro.
- Durante a primeira quincena de setembro, antes de empezar as clases, realizarase unha reunión informativa coas familias de todo o alumnado que vai cursar 1º EP para presentar o equipo docente e tratar aspectos relacionados coa nova etapa educativa, organización, aspectos metodolóxicos... Puntos que se poden tratar nesta primeira reunión: Expoñer as liñas básicas do proxecto educativo; visita ao centro; Informar dos diferentes servizos que ofrece o centro escolar: Calendario escolar, o horario do centro, o horario do alumno/a, o lugar de entrada e saída, as normas básicas a seguir no recinto escolar e servizos que ofrece o centro (transporte e comedor).; Invitar aos pais e ás nais a expresar as súas dúbidas, inquedanzas e iniciativas.; visitar as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolle a función de cada unha delas.
- A información inicial sobre o alumnado de novo ingreso será aportada pola súa titora da EEI nos informes realizados a tal fin e que entregará na reunión de coordinación entre profesorado de 6º EI e 1º EP que se realizará na primeira quincena de setembro, baixo a coordinación da Xefa de Estudos e do Departamento de Orientación, e que aportará datos sobre: a familia, saúde, historia e desenvolvemento escolar do alumno/a... e todos aqueles datos que poidan resultar relevantes para a escolarización do neno/a.
- No caso de que un alumno/a procedente da escola adscrita teña necesidades específicas de apoio educativo se tomarán as medidas oportunas para asegurarnos de que os recursos existentes no centro dean resposta as súas necesidades. Con este fin, o curso previo a súa escolarización se



realizará un informe por parte da Orientadora e seguimento co fin de detectar as necesidades educativas e establecer os recursos e medidas necesarios.

- Na segunda quincena de setembro, tras o comezo das clases, os alumnos de 2º EP titorizarán ao novo alumnado na súa incorporación ao novo curso escolar, ensinando os espazos e funcionamento do centro.

3.1.4. Alumnado procedente doutros centros.

a) No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula:

Ao formalizar a matrícula, o equipo de administración informará ás familias acerca da escola e responderá ás preguntas que se susciten.

En días posteriores o profesorado-titor convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do centro e se recabará aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinalles a aula e o centro, se aínda non o coñeceran.

Os nenos deben visitar o colexio acompañados dalgún membro da familia para ter os primeiros contactos co grupo, materiais ,espazos do centro, profesorado, persoal laboral e alumnado.

Se o alumno/a presenta necesidades educativas especiais O Departamento de Orientación colaborará na avaliación inicial do alumnado de nova incorporación nesta etapa, establecendo as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas, de ser o caso.

b) No momento da súa incorporación á aula

Antes de que o alumno/a se escolarice, tentarase de que o seu titor/a dispoña de información suficiente sobre o alumno/a. No caso de que haxa algún aspecto importante do que informar ou que teñan necesidades educativas especiais, o titor/a lle dará esta información a todo o profesorado que intervén na educación do alumno/a, que traballará dun xeito coordinado co titor.

- Desde o principio asegurámonos de que o novo alumno saiba que o titor/a é o seu referente máis directo no colexio e que pode acudir a el sempre e cando teña algunha dúbida ou dificultade.
- O titor realizará a avaliación inicial, completando os datos aportados pola orientadora, contemplando a exploración das experiencias, intereses e vivencias do alumno/a, para o que utilizará procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación variados: observacións, probas orais, probas escritas.
- O día da súa incorporación realizarase unha presentación do alumno/a ao resto dos compañeiros/as, do xeito máis natural, os cales irán dicindo o seu nome e unha frase de benvinda: “encantado de coñecerte”,...
- Ademais se lle dará unha tarxeta co horario e o nome do seu titor/a e do profesorado que lle dá clase.
- É conveniente que coñeza o nome de todos os seus compañeiros/as para poder dirixirse adecuadamente a eles e entaboar unha relación máis ampla.
- Tamén será presentado ao resto do profesorado.
- Pode ser conveniente que coñeza as persoas que forman parte do persoal laboral do centro, a través dunha serie de contactos con elas, para respectar as súas funcións e poder recorrer a elas no momento necesario.
- Propiciarase que sexan os propios compañeiros/as os que lle ensinen a dinámica da clase e os modos de comunicación e relación máis frecuentes, sen caer no proteccionismo.
- Procurarase que, nun principio, se sente preto dun alumno/a con habilidades sociais suficientes como para afacerse coa súa confianza.



- Ademais pode nomearse un alumno/a acompañante para que estea con el, nun principio, no tempo de ocio ata que vaia facendo o seu grupo de amigos. (“Titores de Acollida”)
- As funcións do alumnado titor serán as de presentalo o demais profesorado (especialistas...), evitar o illamento dos primeiros días ou do tempo de lecer, orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, dependencias... e colaborar co profesorado titor, comunicándolle as dificultades que observe.
- Usar distintos tipos de agrupamento dentro da aula:
 - Traballar en pequeno grupo, posto que favorece a relación entre os alumnos/as e o espírito de cooperación e colaboración.
 - Procurar traballar de xeito individualizado (profesor-a/alumno-a) en momentos determinados e breves. Estes momentos de atención individualizada favorecen a seguridade do alumno/a. Por outra banda, non hai que esquecer que para que un alumno/a se integre adecuadamente é moi importante a aceptación do profesor.
 - Reforzar a súa autoestima facéndolle participar en actividades grupais onde poda demostrar as súas habilidades e mellorar, así, a consideración dos compañeiros/as.

3.1.3. Alumnado inmigrante.

A incorporación crecente de alumnado inmigrante ao noso centro en calquera momento do curso escolar e as singulares características e necesidades destes nenos/as fai necesario dedicarlles un espazo especial dentro do noso Plan de Acollida.

A chegada ao centro educativo supón para un alumno inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu do que descoñece case todo: en moitos casos a lingua, os seus compañeiros da clase, o centro coas súas regras propias, o tipo de actividade escolar, etc. E todo iso nun momento persoal difícil, ao estar vivindo simultaneamente a perda de todo o que lle era querido ata ese momento. Esta situación agrávase cando a súa experiencia e bagaxe educativos son moi distintos aos do resto dos seus compañeiros.

Así, estes alumnos enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

- Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua diferente á lingua materna.
- Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.
- Diferentes niveis académicos: algúns alumnos presentan un ou varios cursos de desfase curricular en relación á súa idade.
- Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización: alumnos que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou fano sempre con nenos da súa propia nacionalidade.

Unha boa acollida para o alumnado que se incorpora por vez primeira supón ofrecer un espazo para o seu desenvolvemento persoal, cultural e social, debendo o centro adaptar e sistematizar a súa resposta educativa tras unha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado.

a) *Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural*

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.



Este labor levarase a cabo con:

- Alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
- Os pais, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.
- O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

b) Acollida á familia no centro

- Recibimento

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este debe ser acolledor: a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñece o castelán, pódese recorrer a algún pai que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

- Información achegada polo Centro

O membro do equipo directivo que reciba aos pais ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- Sistema educativo español.
- Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora ó alumno; división en niveis, sistema de avaliación, promoción, etc.
- O funcionamento do centro: quen somos, que facemos e que obxectivos pretendemos (principios pedagóxicos e proxecto educativo)
- Documentos e normas do centro.
- Calendario escolar.
- Horario xeral do centro. Horario do alumno.
- Canles de participación na vida do Centro.
- Procedemento e horario de atención aos pais do profesorado e equipo directivo.
- Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.



- Instalacións do centro: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, etc.
- Material escolar necesario.
- Funcionamento do servizo do comedor escolar e transporte.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc. Pediráselles a pertinente autorización asinada.
- Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.
- Servizos fora da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, Cruz Vermella, Cáritas etc.
- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.
- Documentación solicitada.

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

- ✓ A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.
- ✓ Información sobre a súa procedencia.
- ✓ Situación laboral e familiar e intencións de futuro.

b) Avaliación inicial e adscrición

Unha persoa encargada (representante do equipo directivo e/ou orientadora) acompañará á familia polo centro para ensinarlle as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolle a función de cada unha delas.

- Este primeiro momento se aproveitará para cubrir o cuestionario de recollida de información inicial para alumnado estranxeiro e se marcará unha data, no período máis breve de tempo posible, para a avaliación inicial do alumno/a que permita determinar que curso sería o máis adecuado para atender as súas necesidades educativas.
- A entrevista e a avaliación inicial será levada a cabo pola orientadora do centro.
- Así mesmo na entrevista inicial recadarase información sobre o nivel de competencia lingüística e competencia curricular.
- Unha vez feita a avaliación correspondente por parte do DO ao abeiro da orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG nº 40, do 26-02-04), determinarase se o alumno/a pode incorporarse ao curso que lle corresponde pola súa idade cronolóxica ou se convén atrasalo.
- Nese momento se lles comunicará aos pais en que curso vai ser escolarizado o neno/a, quen vai ser o seu titor/a e que tipo de apoios vai recibir.

De conformidade co establecido no “Plan de Acolida. Orientacións da Consellería de Educación e O.U” :

“Como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno que se incorpora ao noso sistema educativo, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

De seguido, e aínda con máis urxencia se o seu nivel curricular é baixo respecto da súa idade, o titor procederá a determinar as súas necesidades educativas, a través da avaliación inicial prevista con carácter xeral para todo o alumnado que se incorpora ao centro. No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, son as máis axeitadas nese caso concreto”

No referente á adopción de medidas de atención específica estarase ao disposto no PXAD, sen prexuízo do determinado especificamente para este alumnado neste PA..

O nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica.

A adscrición será considerada con flexibilidade, xa que nalgunha ocasión, á vista da avaliación inicial do titor e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, poderá propoñerse un troco de nivel ou curso. Se isto ocorre, haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do profesorado que lle dá clase, e elevarase ao xefe de estudos, quen decidirá sobre a pertinencia da mesma.

Resulta esencial transmitir aos distintos profesores da aula asignada a información sobre as características dos novos alumnos/as e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo modo, referente máis directo do alumno recién chegado, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

No caso de alumnado pertencente ao 2º ciclo de Ensino Infantil, por norma xeral, escolarizarase no nivel que lle corresponde por idade. A estratexia a seguir será a de inmersión e seguimento. Salvo excepción, recibirá atención específica e individualizada por parte do titor/a e o profesorado de apoio sempre dentro da aula.

Procurarase, dentro do posible, non asignar un grupo de alumnos/as estranxeiros do mesmo país na mesma clase.

d) Acollida ao alumno na aula

- Actividades de presentación e coñecemento mutuo.

O titor, que posúe todos os datos do alumno novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Procuraranse incluír obxectivos e contidos que propicien o coñecemento das características do país de orixe do alumnado estranxeiro: xeografía, gastronomía, lingua (un reducido número de palabras familiares que designen obxectos ou accións), etc.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

- Alumnos titores.

O profesor titor pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro que axude, oriente e acompañe ao novo alumno, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Estes colocaranse á súa beira en clase, no comedor, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

Seguindo o “Plan de Acollida. Orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U, as principais funcións para realizar o alumnado titor son as seguintes:



- *Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.*
- *Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.*
- *Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.*
- *Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.*
- *Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.*
- *Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte. “*

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

Nun primeiro momento o titor/a e o profesorado encargado de impartir docencia ao alumnado estranxeiro con descoñecemento do idioma tentará de: simplificar o seu vocabulario; empregar frases sinxelas; falar a unha velocidade un pouco inferior da habitual para favorecer a comprensión; facer pausas co fin de dar máis tempo para procesar a información; utilizar unha articulación clara; esaxerar a entoación: interrogación, exclamación, enunciativa...; facilitar ao alumno/a a comprensión das mensaxes, mediante mímica, debuxos...; repetir a mensaxe, sempre que se considere necesario, coa máximo naturalidade; realizar preguntas pechadas que permitan unha resposta sinxela; propiciar a participación do alumno/a na clase, para que, progresivamente, adquira seguridade.

d) Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos alumnos, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnos as decisións que tomemos sobre as medidas que se precisan nunha área concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluirán, ademais das enmarcadas na acción titorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa, recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade:

- De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.
- De tipo organizativo: grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

No caso de precisar apoio especializado (PT/AL) ou de profesorado do colexio seguiranse os criterios de utilización establecidos no PXAD e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora de conformidade co determinado no referido PXAD. É importante no caso destes alumnos desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar. No caso de que o alumno/a descoñeza ou teña un escaso dominio da lingua española, traballarase prioritariamente a

adquisición das estrutura básicas da nova lingua, así como dun xeito paralelo, as aprendizaxes instrumentais (lectoescritura e resolución de problemas), se fose preciso, fóra da aula ordinaria.
En Educación Infantil tentarase non sacar ao neno/a da aula para apoio individual (salvo excepcións).

Nas AC estarase ao establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, seguindo o que se recolle no PXAD.

O desenvolvemento de medidas de tipo organizativo ven regulado pola Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro).

Ademais das anteriormente referidas, deberanse ter en conta que o centro actúa como un elemento de socialización fundamental e debe favorecerla propiciando a participación en actividades enmarcadas tamén fora do horario escolar. Deste modo, débese fomentar a participación dos alumnos en xogos, competicións deportivas, actividades lúdicas etc., que con carácter voluntario o centro ou outras entidades ou institucións locais puidesen organizar. O propio tecido social, as súas institucións, organizacións voluntarias, asociacións etc., ofrecen recursos moi valiosos para a socialización e inclusión do alumnado inmigrante na sociedade cuxas potencialidades se deben aproveitar.

Desde o centro escolar colaborarase con estas entidades e institucións facilitando unha coordinación de medios e fins para optimizar os recursos dispoñibles e daranse a coñecer ao colectivo emigrante os servizos que lles ofrecen. Neste sentido, a Delegación do Goberno respecto á inmigración, os Servizos Sociais do Concello, a Rede Galega de Atención ao Inmigrante e ao Emigrante Retornado, dependente da Consellería de Emigración así como as asociacións subvencionadas cada ano por esta Consellería, poden prestar un servizo de gran utilidade.

d) Desenvolvemento de competencias interculturais.

Desde a consideración de todos os alumnos como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para iso será conveniente realizar unha proposta educativa coordinada desde a acción titorial que involucre a todo o profesorado e se reflecta en todas as actividades escolares. Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- Utilizar na aula información e recursos actualizados que recollan diferentes perspectivas sobre cada tema tratado.
- Recorrer a contidos que reflectan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.
- Poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.
- Promover un clima da clase que favoreza o intercambio significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.
- propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.
- Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro. Corresponderá a todo o profesorado o logro dun coñecemento compartido de toda a riqueza cultural que existe na aula e no centro, valorando o que de positivo nos aporta.
- Para que os alumnos se sintan cómodos e integrados na aula desde o principio, con confianza en si mesmos, hai que facilitarlles un clima adecuado, tanto na clase como fóra dela (no recreo, en actividades organizadas polo centro, en horario extraescolar), que favoreza unha convivencia construtiva e non discriminatoria entre os membros do grupo.
- Debe promoverse o uso de estratexias de aprendizaxe que desenvolvan nos alumnos/as habilidades interpersoais e de traballo en equipo como: O diálogo construtivo, a aprendizaxe no diálogo e a aprendizaxe cooperativa; a escoita activa e a negociación; a valoración da diversidade;

a responsabilidade persoal xunto co compromiso e as relacións solidarias; titorización por parte de alumnos e familias; colaboración con entidades e persoal que traballan co alumnado inmigrante e as súas familias.

3.1.6 Comité de benvida

Cando un alumno/a se incorpore ao centro por primeira vez organizado, para ese primeiro día un “comité de benvida” que estará formado por un mestre (a determinar pola Xefatura de Estudos) e un alumno/a da titoría á que se incorpora. A súa principal función será o acompañamento ás filas e/ou aula para a súa presentación inicial.

3.2. Profesorado de nova incorporación

Cando un profesor se incorpore a este centro, o equipo directivo informarlle do seu funcionamento e organización xeral, faráselle entrega da carpeta de benvida inicial de comezo de curso co dossier de documentos básicos, mostraralle as dependencias e presentaralle aos compañeiros e persoal do centro, se lles indicará onde está o material que poden necesitar, a forma de acceder a el e como poden facer un adecuado uso do mesmo.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A avaliación do cumprimento dos obxectivos e do desenvolvemento das distintas actuacións realizarase a parir das valoracións do profesorado encargado de poñelas en práctica e a través da valoración periódica realizada pola CCP. Recollerase na memoria do Departamento de Orientación.

Os criterios de avaliación referiranse a:

- Eficacia no cumprimento dos obxectivos.
- Acollida á familia do novo alumnado e información dada ás mesmas.
- Adecuación das actividades encamiñadas ao coñecemento mutuo dos novos alumnos/as e o resto do alumnado do Centro.
- "Titorización" ou acompañamento do novo alumno/a por parte doutro compañeiro/a.
- Avaliación inicial do alumno de nova incorporación.
- Atención recibida ao alumnado que descoñece as dúas linguas oficiais.
- Materiais de aprendizaxe da segunda lingua.
- Actividades que promoven o coñecemento intercultural.
- Funcionamento do comité de benvida.
- Suxestións e observacións para a mellora deste programa recollidas nas diferentes memorias dos niveis e equipos docentes.



ANEXOS

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

2.2. RECREOS DE CORES



RECREOS DE CORES

XUNT@S XOGAMOS



1. INTRODUCCIÓN

A través do programa “Recreos de Cores” pretendemos estruturar algúns xogos de patio para que a partir da titoría entre iguais e supervisión dos adultos, o alumnado que presenta necesidades educativas asociadas a dificultades na interacción cos iguais e habilidades no xogo compartido superen esas dificultades e se atopen incluídos no tempo de lecer.

Pretende a planificación e estruturación dos tempos de recreo, fomentando as relacións interpersoais, a aprendizaxe de novos xogos e a inclusión do alumnado con nee, especialmente o alumnado TEA, para poder dar resposta ás necesidades que estes alumnos presentan a nivel de interacción social e comunicación cos iguais e contribuír así á mellora da convivencia e previr posibles conflitos derivados do descoñecemento de como interatuar cos iguais que poden presentar algún dos nosos alumnos.

2. XUSTIFICACIÓN

O tempo de recreo supón un período da xornada escolar necesario para o descanso e a diversión do alumnado, ademais de constituír un elemento enormemente enriquecedor para favorecer o desenvolvemento das habilidades comunicativas e a interacción social.

Os recreos son espazos non estruturados de especial dificultade para os nenos con nee asociadas ao Espectro Autista que, aínda que presenten motivación para relacionarse cos seu compañeiros e desexen facer amigos, non teñen as claves para facelo, porque non poden ler ben as situacións sociais e teñen dificultades para iniciar a interacción. Esta situación pode levar ao seu illamento ou a problemas de conducta polo que requiren da mediación dun adulto ou equipo de “expertos” para integrarse cos seus compañeiros.

A intervención do profesor/equipo de alumnado voluntario de 6º EP (“experto”) cumprirá o obxectivo de fomentar e reforzar habilidades sociais de interacción entre os compañeiros. O neno con TEA precisa coñecer as regras do xogo paso a paso para poder interatuar cos seus compañeiros, o “experto” deberá implicarse nas explicacións da información, a estruturación do grupo e a designación de roles.

Algúns estudos suxiren que os nenos con TEA benefíciense máis das intervencións para aumentar a súa participación no xogo cando se lles da un papel activo e se lles permite tomar decisións acerca dos xoguetes ou xogos utilizados (C. M. Carter, 2001).

As intervencións de compañeiros mediadores con alumnos con autismo son efectivas para incrementar a participación en entornos naturais. Esta intervención ten como obxectivo maximizar o potencial de desenvolvemento de cada neno, así como o desexo intrínseco a xogar, socializarse e formar relacións significativas cos seus compañeiros. Ao mesmo tempo o grupo de compañeiros aprenden a ser máis sensible socialmente, tolerantes e aceptar aos nenos que teñen diferentes formas de xogar, comunicarse e relacionarse; aprenden a incluír aos xogadores menos expertos e adaptar os seus diferentes intereses e estilos de comunicación.

3. OBXECTIVOS

O desenvolvemento do proxecto perséguese os seguintes obxectivos:

- Ofrecer un espazo de tempo de descanso satisfactorio para todo o alumnado.
- Fomentar a participación e verdadeira inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais,
- Favorecer a relación entre iguais e previr conductas desadaptativas e disruptivas.
- Potenciar o desenvolvemento de áreas específicas: psicomotricidade, comunicación, habilidades sociais...
- Aprender dinámicas de xogos básicas: respectar quendas, normas de participación, execución dos mesmos.
- Aprender recursos para resolver posibles conflitos que poidan presentarse neste espazo.
- Fomentar a sensibilización e tolerancia cara a diversidade e respecto ás diferencias, así como fomentar valores de colaboración e axuda entre os iguais.

4. ASPECTOS ORGANIZATIVOS E METODOLÓXICOS

A organización e estruturación dos espazos e tempo de recreo que a continuación concretarase está baseada nos principios metodolóxicos recomendados por Riviére (2001) para alumnado con Trastorno de Espectro Autista:

- Partir dos intereses, preferencias e necesidades dos nenos para favorecer os aprendizaxes e incrementar as oportunidades de interacción positiva,
- Realizar actividades que potencien a motivación.
- Un ambiente estruturado e anticipable.
- Procedementos de anticipación e previsión de actuacións e cambios que permitan afrontalos sen vivilos como experiencias desconcertantes.
- Sistemas para o control e a regulación das conductas: a imitación e o modelado de adultos e iguais como base do desenvolvemento de patróns de comportamentos axeitados.
- Sistemas de signos e linguaxe simplificado que facilite a comprensión: pictogramas, taboleiros, axendas, guións sociais.
- Experiencias explícitas, positivas e lúdicas de relación interpersoal.
- Negociación da inflexibilidade, permitindo un acceso progresivo.
- Planificar a consolidación e xeneralización das dinámicas a outros contextos.

Espazos, tempos e axentes implicados:

Para poder levar a cabo este proxecto compre contar, ademais de con os membros do Departamento de Orientación e Mestres de Educación Física que xa está a organizar xogos no tempo de lecer, coa colaboración de mestres e alumnado que de xeito voluntario crean no programa. Formarase un equipo de alumnado voluntario de 6º de EP encargado de dinamizar os xogos, baixo a supervisión do profesorado de garda no **punto 5**. Desde as titorías con alumnado con dificultades na comunicación,

interacción e participación no xogo que vaian participar, organizarase un grupo de alumnado voluntario que acompañe ao neno/a e xogue con el.

Os xogos levaranse a cabo os **martes e xoves** (a excepción de si existe protocolo de día de choiva). Despois dun tempo adicado a almorzar, realizaranse os grupos e explicación do xogo elixido por cada grupo por parte do “experto”. Posteriormente desenvolverase o xogo onde serán os iguais os que guíen o xogo coa supervisións constante dos “expertos” (mestre de garda e/ou alumno/a do equipo de voluntarios de 6º EP). Nun primeiro momento a intervención do adulto será intensa para facilitar a imitación, as habilidades sociais e interacción do alumnado con nee; pouco a pouco o apoio retirarase a medida que os compañeiros aprendan a mediar nas catividades de xogo.

As claves para axudar serán:

- Recoñecer, interpretar e responder aos intentos espontáneos do alumnado con nee para socializarse e xogar.
- Andamiaxe do xogo (axudar e intervir no xogo pero sen interferir na actividade de participación dos nenos e ir retirando os apoios pouco a pouco).
- Facilitar e orientar a comunicación social, incluíndo no xogo signos verbais e non verbais para captar a atención e manterse no xogo. Fomentar as habilidades sociais e forma de interatuar e resolver conflitos.

Dado que este é un proxecto para todo o centro e dadas as características do noso centro (2 edificios) as dinámicas serán similares pero é preciso diferenciar entre EI e EP.

	EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA
Aulas de participación preferente		
Espazo	Punto:	Punto
Xogos EI : un xogo por aula/día EP: un xogo por grupo	Lobo-ovellas (pilla) Escondite Inglés Bolos	Lobo-ovellas (pilla) Escondite inglés Bolos/canicas Corda Buxaina En pavillón estará badminton e tenis (xogo dentro do programa cando lle toque ao grupo aula) Na sala de xogos pódese adaptar algún xogo (oca...)




5. RECURSOS E MATERIAIS


Como recursos humanos salienta que se precisará dun mestre do DO e dun equipo de voluntarios de 6º EP. Precisarase tamén de alumnado voluntario de cada titoría implicada (a súa elección e control dependerá do mestre titor/a).

Para organizar os xogos precisarase do material para o desenvolvemento de cada xogo e da taboleiros que inclúan pictogramas e imaxes que faciliten a comprensión do xogo que toca, regras do xogo, e habilidades sociais.

TABOLEIRO CON XOGOS DISPOÑIBLES (con velcro e pictogramas para ir cambiando)



TABOLEIRO COAS REGLAS DE XOGO





TABOLEIRO CON PICTOGRAMAS QUE AXUDEN NAS HABILIDADES SOCIAIS



6. AVALIACIÓN

O desenvolvemento do proxecto e consecución dos obxectivos deberán ser avaliados tendo en conta os seguintes aspectos:

- Dificultades, progresos e necesidades a cubrir no desenvolvemento de cada sesión.
- Adecuación dos xogos: motivación e interese manifestado, adecuación do material e recursos empregados...
- Criterios mínimos de avaliación global do proxecto:
 - Participación activa e voluntaria do alumnado TEA: motivación e interese manifestado; adquisición de conductas funcionais que diminúan as estereotipias ou illamento; desenvolvemento de habilidades sociais, comunicación e afectivas.
 - Establecemento de relación positivas entre iguais.
 - Desenvolvemento de habilidades de responsabilidade e axuda ao demais.
 - Respeto ás normas e dinámicas dos xogos.
 - Desenvolvemento de habilidades na resolución de conflitos.
 - Aumento das actitudes de responsabilidade, colaboración e axuda por parte do alumnado - titor voluntario

Os resultados da avaliación recolleranse nun informe final que se presentará na memoria final de curso do DO, remarcando os aspectos negativos e positivos, así como as propostas de mellora e de reestruturación do mesmo.

O Departamento de Orientación

CIRCULAR PARA O PROFESORADO SETEMBRO 2017



PATIO DE CORES

A través do programa “Patio de Cores” pretendemos estruturar algúns xogos de patio para que a partir da titoría entre iguais e supervisión dos adultos, o alumnado que presenta necesidades educativas asociadas a dificultades na interacción cos iguais e habilidades no xogo compartido superen esas dificultades e se atopen incluídos no tempo de lecer e contribuír así á mellora da convivencia e previr posibles conflitos derivados do descoñecemento de como interatuar cos iguais que poden presentar algún dos nosos alumnos/as.

As intervencións de compañeiros mediadores con alumnos/as con autismo ou outras necesidades educativas asociadas a problemas de comunicación e interacción son efectivas para incrementar a participación en contornas naturais. Esta intervención ten como obxectivo maximizar o potencial de desenvolvemento de cada neno/a, así como o desexo intrínseco a xogar, socializarse e formar relacións significativas cos seus compañeiros e compañeiras. Ao mesmo tempo o grupo de iguais aprenden a ser máis sensible socialmente, tolerantes e aceptar aos nenos e nenas que teñen diferentes formas de xogar, comunicarse e relacionarse; aprenden a incluír aos xogadores menos expertos e adaptar os seus diferentes intereses e estilos de comunicación.

1. OBXECTIVOS

O desenvolvemento do programa persegue os seguintes obxectivos:

- Ofrecer un espazo de tempo de descanso satisfactorio para todo o alumnado.
- Fomentar a participación e verdadeira inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais,
- Favorecer a relación entre iguais e previr condutas desadaptativas e disruptivas.
- Potenciar o desenvolvemento de áreas específicas: psicomotricidade, comunicación, habilidades sociais...
- Aprender dinámicas de xogos básicas: respectar quendas, normas de participación, execución dos mesmos.
- Aprender recursos para resolver posibles conflitos que poidan presentarse neste espazo.

Fomentar a sensibilización e tolerancia cara a diversidade e respecto ás diferenzas, así como fomentar valores de colaboración e axuda entre os iguais



2. METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN

A organización e estruturación dos espazos e tempo de recreo que a continuación concretarase está baseada nos principios metodolóxicos recomendados por Rivière (2001) para alumnado con Trastorno de Espectro Autista:

- Partir dos intereses, preferencias e necesidades dos nenos para favorecer os aprendizaxes e incrementar as oportunidades de interacción positiva,
- Realizar actividades que potencien a motivación.
- Un ambiente estruturado e anticipable.
- Procedementos de anticipación e previsión de actuacións e cambios que permitan afrontalos sen vivilos como experiencias desconcertantes.
- Sistemas para o control e a regulación das condutas: a imitación e o modelado de adultos e iguais como base do desenvolvemento de patróns de comportamentos axeitados.
- Sistemas de signos e linguaxe simplificado que facilite a comprensión: pictogramas, taboleiros, axendas, guións sociais.
- Experiencias explícitas, positivas e lúdicas de relación interpersoal.
- Negociación da inflexibilidade, permitindo un acceso progresivo.
- Planificar a consolidación e xeneralización das dinámicas a outros contextos.

Espazos, tempos e axentes implicados:

Para poder levar a cabo este proxecto membros do Departamento de Orientación organizarán xogos no tempo de lecer, coa colaboración de alumnado que de xeito voluntario crean no programa.

En Educación Infantil a persoa encargada da dinamización dos xogos será a mestra de Audición e Linguaxe. En Educación Primaria formarase un equipo de alumnado voluntario de 6ºEP encargado de dinamizar os xogos, baixo a supervisión do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Orientadora.

Desde as titorías con alumnado con dificultades na comunicación, interacción e participación no xogo que vaian participar, organizarase un grupo de alumnado voluntario que acompañe ao neno/a e xogue con el.

Os xogos levaranse a cabo, en Educación Primaria, os **martes e xoves**¹ e os **mércores** en Educación Infantil (a excepción de si existe protocolo de día de choiva). Despois dun tempo adicado a almorzar, realizaranse os grupos e explicación do xogo elixido por

¹ Este horario poderá ampliarse en caso de que se considere necesario para algún alumno ou alumna concreto, dadas as necesidades educativas detectadas, previo acordo entre o Equipo Docente, Orientadora e Xefa de Estudos.



cada grupo por parte do “experto”. Posteriormente desenvolverase o xogo onde serán os iguais os que guíen o xogo coa supervisións constante dos “expertos” (mestre de garda e/ou alumno/a do equipo de voluntarios de 6º EP). Nun primeiro momento a intervención do adulto será intensa para facilitar a imitación, as habilidades sociais e interacción do alumnado con n.e.e.; pouco a pouco o apoio retirarase a medida que os compañeiros aprendan a mediar nas catividades de xogo.

Durante o mes de setembro, o Departamento de Orientación, realizará una proposta ás diferentes titorías sobre alumnado que se vería beneficiado da participación no programa e concretarase aulas participantes. Ao longo do curso, calquera docente, pode suxerir a participación dun neno ou nena no programa e valorarase a petición.

Realizarase unha sesión de sensibilización co alumnado de 6º EP para fomentar o voluntariado ente o alumnado, coa colaboración dos titores e titoras de ese nivel e, posteriormente, organizaranse as quendas de participación mensual.

Os xogos realizaranse na zona preto do **patio cuberto de 1º EP**. Precisarase de material para o desenvolvemento de cada xogo e de tableiros que inclúan pictogramas e imaxes que faciliten a comprensión do xogo que toca, regras do xogo, e habilidades sociais. Gardarase no Departamento de Orientación (onde deberán recollelo o alumnado voluntario de 6º).

Para a mellora do programa compre avaliar ao longo de todo o curso o seu desenvolvemento ea consecución dos obxectivos marcados. As aportacións e suxerenzas de todos, alumnado e profesorado, contribuirán a acadar unha escola verdadeiramente inclusiva para tod@s, unha ESCOLA DE CORES!

Grazas pola vosa colaboración.

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN





ANEXOS

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

2.3. CAMBIO DE ETAPA. UN PASO MÁIS



Departamento de orientación

DESCRIPCIÓN BREVE

Documento que recolle as accións prioritarias relacionadas co tránsito entre as diferentes etapas educativas.

Departamento de Orientación

CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARIN



Como parte das actuacións encamiñadas á preparación do alumnado que vai comezar unha nova etapa educativa e facilitar ás familias a información e apoio que precisa cada paso educativo, deséñanse as accións que a continuación se relaciona en función da etapa educativa co obxectivo de:

- Facilitar o tránsito entre as diferentes etapas educativas.
- Facilitar información ao alumnado e ás familias respecto das características e estrutura da nova etapa educativa.
- Proporcionar ao alumnado e ás familias información sobre a oferta educativa, os servizos complementarios e o funcionamento xeral do centro onde cursaran a seguinte etapa educativa.

ACTIVIDADE	INCORPORACIÓN A EDUCACIÓN INFANTIL	INCORPORACIÓN A EDUCACIÓN PRIMARIA	INCORPORACIÓN Á ESO
Charla informativa para as familias	Primeira quincena de setembro, antes do comezo das clases. Responsables: equipo directivo, equipo docente de 4º EI e DO.	Primeira quincena de setembro, antes do comezo das clases. Responsables: equipo directivo, equipo docente de 1º EP e DO.	En febreiro, no prazo de reserva de praza, en colaboración co IES Francisco Aguiar. Responsables: equipo directivo centro adscrito e Departamentos Orientación ambos centros.
Visita ao centro educativo	1º día de escola, na compañía da familia. Responsable: equipo docente 4º EI	Xornada de acollida no mes de xuño onde se coñecerá o centro e realizaranse xogos e actividades de benvida. Responsables: equipo docente 6º EI e 1º EP, profesorado escolas adscritas, DO.	No mes de abril todo o alumnado realizará unha visita ao IES Francisco Aguiar. Os alumnos/as que acudan ao Instituto ao que non estamos adscritos acudirán na compañía das súas familias á xornada de portas abertas, previa convocatoria . Responsable: Equipo directivo e DO do IES.
Documentos informativos realizados polo DO	Tríptico para entregar no momento da matrícula.	Tríptico para entregar no momento da matrícula.	Presentación informativa (febreiro) e tríptico para entregar ao remate do curso escolar.

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das actividades emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.



Para facilitar a incorporación do alumnado ao centro e poder axustar a resposta educativa ás características persoais de cada alumno e alumna o antes posible, e adoptar medidas de carácter preventivo, levaranse a cabo, por parte da Orientadora do centro, as seguintes actuacións encamiñadas ao intercambio de información intercentros:

INCORPORACIÓN A EDUCACIÓN INFANTIL	INCORPORACIÓN A EDUCACIÓN PRIMARIA	INCORPORACIÓN Á ESO
Entrevista coas familias de alumnado que solicita praza con nee e elaboración de Ditamen de Escolarización. (MARZO)	Entrevista coas familias de alumnado que solicita praza con nee e elaboración de Ditamen de Escolarización, cando sexa necesario. (MARZO/XUÑO).	Reunión cos Departamentos de Orientación dos centros do Concello aos acoden maioritariamente o noso alumnado para facilitar información sobre alumnado con neae. (XUÑO)
Visita á Escola Municipal Infantil e “A Galiña Azul” do Concello de Betanzos. Reunión co equipo educativo para traslado de información. (XUÑO-XULLO)	Informe final de etapa elaborado pola Orientadora do centro en colaboración coas mestras titoras de todo o alumnado dos centros adscritos.	Informe final de etapa elaborado polos titores/as de 6º EP, en colaboración coa Orientadora do Centro.
	Informe final de etapa elaborado pola Orientadora do centro do alumnado do CEIP Francisco Vales Villamarín que presenta necesidades específicas de apoio educativo.	Informe de seguimento para todo o alumnado con neae elaborado pola Orientadora do Centro.
	Informe resumo de aula elaborado polas titoras de 6º EP do CEIP F. Vales Villamarín.	Os informes entregaranse en sobre pechado á atención do Departamento de Orientación, cando os centros onde o alumno/a se matricule soliciten a documentación do traslado de expediente.
	(XUÑO)	(XUÑO)
	Reunión titoras EI + Centros Adscritos + titores/as 1º EP.	
	(SETEMBRO)	

A ENTRADA NA ESCOLA

Estimadas familias:

Desde o Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín queremos facervos chegar algunhas consideracións á hora de matricular por vez primeira aos vosos nenos e nenas, tanto no noso centro coma nas Escolas de Educación Infantil dos concellos de Coirós e Pademe, adscritas ao mesmo e pertencentes, polo tanto, a este Departamento.

A educación dos vosos fillos/as é cousa de todos!

Sabemos que ninguén coma vós para coñecer aos vosos fillos e fillas por iso é fundamental a vosa colaboración e precisamos que nos facilitedes a maior información acerca deles.

Para que poidamos contribuír coa vosa labor educativa precisamos dunha fluída relación familia-escola. Contades co titor/a dos vosos fillos/as e co Departamento de Orientación para apoiavos en todo o que precisades.

O **titor** debe ser a persoa de referencia e deberíades manter unha reunión ao trimestre para informavos da evolución do voso fillo/a e adoptar conxuntamente as medidas oportunas, de ser necesarias.

Debedes confiar nos consellos e orientacións do titor e en caso de dúbida ou calquera inquietude podedes acudir ao DO.



Período de adaptación

É un período fundamental para facilitar a adaptación do voso fillo/a á realidade da escola e estar separado dos seus pais.

Debedes respectar os horarios, as normas de entrada e saída para ser un bo exemplo para os vosos fillos/as.

A etapa de Educación Infantil

É, aínda que non é obrigatoria, unha etapa educativa.

Consta de dous ciclos:

- De 0-3 anos
- De 3-6 anos

A súa finalidade é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual.

Atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e os hábitos de control corporal, á comunicación e a linguaxe, pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven.

A Orientadora é un membro do equipo docente que vos pode asesorar na labor educativa e orientarvos na procura de solución aos problemas que poidan xurdir.

Precisamos a vosa axuda

Precisamos que nos facilitedes a maior información a cerca deles, tanto no comezo da súa escolarización como se xurden algún tipo de problema ao longo da mesma (alergias, problemas de saúde, necesidades educativas especiais, situacións legais de custodia e patria potestade..., ou calquera outro aspecto que consideredes oportuno).

Esperamos participedes activamente na educación dos vosos fillos e fillas, actividades de centro..., e estamos abertos ao diálogo e calquera suxerenza ou opinión que consideredes oportunas.

Gracias pola vosa colaboración



Que é o Departamento de Orientación?

É un equipo de Mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica coordinados pola Orientadora do centro.

Ten como **finalidade** acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis para facilitar o asesoramento, intervención e seguimento psicopedagóxico ao profesorado, alumnado e familias.

Obxectivo principal

Asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos. Así mesmo, o Departamento, en colaboración con padres e mestres teñen como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se poidan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Francisco Vales Villamarín

Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es – tlf 881880237 fax 881880240





DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (DO)

PASO A PRIMARIA

Estimadas familias:

Os vosos fillos/as están a piques de experimentar unha transición clave na súa vida: o paso a unha nova etapa, a Educación Primaria. Desde o Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín queremos facervos chegar algunhas consideracións acerca desta nova etapa que esperamos sexan da vosa utilidade.

Recomendacións para a nova etapa

Pode que o voso fillo/a estea a vivir con certo medo e inquietude a transición e esta nova etapa da súa vida polo que debedes enviarlle mensaxes positivos sobre a mesma, deixándolle que exprese os seus medos e inquedanzas, escoitándoo pero sen vulgar e sen quitar importancia ás súas preocupacións.

Transmitidelle ilusión e compartide con el/ela eses primeiros días, revisando ps libro se material escolar xuntos, horario, organizando mochila,...

Iniciádelle en hábitos e rutinas académicas: dedicádelle un tempo diario á lectura (compartida e individual). Asignádelle responsabilidades progresivamente e facilitádelle normas concretas nas que saiba en todo momento o que se espera del/a.

Será fundamental manter a coherencia educativa entre ambos proxenitores, con normas consensuadas que deberán ser claras, firmes e dialogadas co voso fillo/a.

Educade nos valores de tolerancia, respeto e solidariedade. Valorade as súas posibilidades e ofrecédelle a oportunidade de demostrar os seus logros.



A etapa de Educación Primaria

A Etapa de Educación Primaria (6-12 anos) ten 6 cursos e organizase en sinaturas e áreas cun carácter global e integrador. É impartida por mestres (titor/a) que teñen competencia en todas as áreas de ese nivel, excepto en música, educación física e inglés, sinaturas impartidas por mestres coa especialización correspondente.

A finalidade da Educación Primaria é facilitar ao alumnado o desenvolvemento expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo e resolución de problemas, a adquisición de noções básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir una formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

Precisamos a vosa axuda

Respetade o seu ritmo e estilo de aprendizaxe e evitade as comparacións (con irmáns, compañeiros/as ...)

Se xurden algún tipo de problema ao longo da súa escolarización (alerxias, problemas de saúde, dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, situacións legais de custodia e patria potestade..., ou calquera outro aspecto que consideredes oportuno) precisamos que nolo comuniquedes

Para que poidamos contribuír coa vosa labor educativa precisamos dunha fluída relación familia-escola. Contades co titor/a dos vosos fillos/as e co Departamento de Orientación para apoiaros en todo o que precisedes.

O **titor** debe ser a persoa de referencia e deberíades manter unha reunión ao trimestre para informarnos da evolución do voso fillo/a e adoptar conxuntamente as medidas oportunas, de ser necesarias.

Debedes confiar nos consellos e orientacións do titor e en caso de dúbida ou calquera inquietude podeades acudir ao DO.

A Orientadora é un membro do equipo docente que vos pode asesorar na labor educativa e orientaros na procura de solución aos problemas que poidan xurdir.

Esperamos participedes activamente na educación dos vosos fillos e fillas, actividades de centro..., e estamos abertos ao diálogo e calquera suxerencia ou opinión que consideredes aportunas.

A educación dos vosos fillos/as é cousa de todos!

Gracias pola vosa colaboración

Que é o Departamento de Orientación?

É un equipo de Mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica coordinados pola Orientadora do centro.

Ten como **finalidade** acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis para facilitar o asesoramento, intervención e seguimento psicopedagógico ao profesorado, alumnado e familias.

Obxectivo principal

Asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagógicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos. Así mesmo, o Departamento, en colaboración con padres e mestres teñen como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se poidan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.





DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O PASO Á ESO



Estimadas familias:

Achegámonos ao fin deste curso e os vossos fillos/as están a piques de experimentar unha transición clave na súa vida: o paso a unha nova etapa, a Educación Secundaria Obrigatoria. Desde o Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín queremos facervos chegar algunhas consideracións acerca desta nova etapa que esperamos sexan da vosa utilidade.

A nova etapa: Educación Secundaria Obrigatoria

A Etapa de Educación Secundaria Obrigatoria (12-16 anos) ten 4 cursos e organízase en materias distribuídas en dous ciclos:

- O primeiro consta de 3 cursos escolares (1º, 2º, 3º)
- O segundo ano consta dun ano (4º) que ten un carácter fundamentalmente propedéutico.

Asignaturas

1º ESO

MATERIAS TRONCAIS	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4
	XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
	L. CASTELÁ E LITERATURA	4
	MATEMÁTICAS	5
	INGLÉS	3
MATERIAS ESPECÍFICAS	ED. PLÁSTICA E VISUAL	2
	FRANZÉS	2
	ED. FÍSICA	2
	RELIXIÓN OU VALORES CÍVICOS	1
LIBRE	LINGUA GALEGA E LITERATURA	4
CONFESURACIÓN	ASEGNADA POLO CENTRO	1
	TUTORÍA	1

A finalidade da etapa é a de transmitir ao alumnado os elementos básicos da cultura, especialmente nos aspectos científicos, tecnolóxicos e humanísticos; afianzar hábitos de estudo e traballo e prepararles para a incorporación a estudos posteriores e a inserción laboral, entre outros.

Ao finalizar cada curso o equipo docente (Consello Orientador) realizará un informe sobre o logro de obxectivos e adquisición de competencias e recomendará o itinerario máis axeitado para cada alumno/a ou a inclusión a Programas de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento ou Ciclos de Formación Profesional Básica.

Os Programas de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento poderanse cursar a partir de 2º da ESO e consisten nunha metodoloxía específica a través dunha organización de contidos, actividades prácticas e, no seu caso, de materias diferentes as establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos/as poidan cursar cuarto da ESO pola vía ordinaria e obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Poderán ter acceso a ditos programas os alumnos que, presentando dificultades de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou esforzo, repetiran algún curso en calquera etapa e unha vez cursado 1º da ESO non estean en condicións de promocionar a 2º curso. Neste caso o programa desenvolverase ao longo dos cursos de 2º e 3º.; tamén, unha vez cursado 2º no estean en condicións de promocionar a 3º. Neste caso, só cursarían o 3º curso.; por último, os rapaces que cursando 3º, no estean en condicións de promocionar a 4º, poderán incorporarse excepcionalmente a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento para repetir 3º.

Promoción

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, formativa e integradora. Os alumnos/as promocionarán de curso cando haxan superado todas as materias ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo, que non sexan lingua castelá e y literatura ou matemáticas simultaneamente.

De forma excepcional pódese promocionar con 3 suspensas si se dan de forma conxunta as seguintes condicións:

- Dúas das materias suspensas non sexan Lingua castelá e literatura e matemáticas.
- O equipo docente considere que o alumno/a ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica.
- Se apliquen as medidas de atención educativa no consello orientador.

Pódese repetir o mesmo curso unha vez e dúas veces máximo na etapa. Si a 2ª repetición prodúcese en 3º o 4º curso prolongarase un ano o límite de idade. Excepcionalmente pódese repetir dúas veces 4º curso si non se repetiu nunca antes.

Titulación

Ao remate da etapa obtérase o Título en Educación Secundaria Obrigatoria.



Para o alumnado que non acada a titulación entregarase un certificado de estudos cursados, ou ao finalizar 2º da ESO se o alumno pasa a un ciclo de Formación Profesional Básica.



ANEXOS

3. Cuestionario de valoración de actuacións

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

Ano académico: 20.... - 20....

Risca cun X no lugar correspondente, en función de se a actuación do Departamento de Orientación foi: TD (totalmente desenvolvida), PD (parcialmente desenvolvida) ou ND (non desenvolvida).			
ACTUACIÓNS PREVISTAS	GRAO DESENVOLVEMENTO		
	TD	PD	ND
Asesorar e colaborar na actualización e elaboración dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.			
Asesorar e colaborar na elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo			
Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT			
Deseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.			
Plantexar propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador do centro de secundaria e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.			
Realizar a avaliación psicopedagóxica de todo o alumnado ao remate de cada un dos ciclos			
Asesorar á Comunidade Educativa en relación ás actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.			
Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento da LOMCE e procesos e accións educativas que derivan destas.			
Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno.			
Manter actualizado o PO concretando no PAADO as actuacións previstas para o curso			

Propostas de mellora cara o vindeiro curso:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Betanzos, a de de